

Tema 0. Sociolingüística. Conceptos básicos

Lingua inicial

É aquela á que o individuo está exposto desde o seu nacemento, xeralmente no ámbito familiar, e que é a primeira en adquirir. Polo regular, trátase da lingua da familia, transmitida de pais a fillos, e a súa adquisición é espontánea.

En determinadas situacións (individuais ou sociais) pode suceder que haxa individuos que adquiran linguas na súa primeira idade (que teñen, logo, dúas linguas iniciais).

Prefírese este termo ao tradicional de '*lingua materna*'.

Lingua habitual

Entendemos por lingua habitual aquela na que o individuo realiza a totalidade ou a maior parte dos actos lingüísticos ordinarios (cos familiares, os amigos, os veciños...). Polo regular, tamén é a que emprega na función interna (pensar, soñar...)

Lingua de relación

É a aprendida para relacionarse con persoas doutras comunidades lingüísticas, como enriquecemento cultural ou como mérito laboral. P. ex., a aprendizaxe de inglés ou alemán fóra das súas fronteiras.

Lingua mixta

Rexistro comunicativo de urxencia creado para se poderen comunicar persoas de distintos grupos lingüísticos; tamén recibe o nome de **pidgin**. A maior parte dos *pidgins* baséanse en linguas europeas (inglés, francés, español, portugués e holandés) e son o resultado de contactos coloniais e comerciais pouco profundos ou pouco duradeiros con distintos pobos de África, do sueste de Asia ou de América Central e do Sur. Un *pidgin* non é unha lingua nativa de ninguén, só en casos excepcionais algúns *pidgins* acabáronse transmitindo xeracionalmente, adquirindo desta maneira e para eses novos falantes o carácter de lingua propia, constituíndose daquela no que se coñece como **lingua crioula**.

Funcións sociais da lingua (Véxase tema 9 de Lingua e Sociedade de 1º Bac.).

Competencia lingüística

Entendemos por competencia lingüística o conxunto de capacidades e habilidades das que un individuo dispón para comprender (competencia pasiva) e expresarse (competencia activa) nunha lingua, trátase de mensaxes orais ou escritas.

Unha primeira variábel nos niveis de coñecemento afecta ao dominio das catro destrezas básicas e á súa distribución:

	ACTIVA	PASIVA
ORAL	falar	entender
ESCRITA	escribir	ler

Con **nivel de fluencia** referímonos á maior ou menor desenvoltura en cada unha das destrezas descritas.

Competencia comunicativa

En principio é a capacidade do individuo para decidir que variedade da lingua é a adecuada para cada situación comunicativa: ("*Que tipo de galego uso con esta persoa?*")

Nun contexto diglósico esa elección pode darse non entre variedades, senón entre linguas. (“*Con esta persoa, uso galego o castelán?*”)

Bilingüismo

Consideramos bilingüe a aquela persoa que posúe similar competencia lingüística en, polo menos, dúas linguas. Esta definición non fai referencia ao grao de competencia (moita ou pouca) que posúe, nin ao uso que fai de cada unha das linguas.

Ora ben, unha persoa pode ter competencia en dúas linguas, pero cun grao de competencia moito maior nunha que noutra. Este será un bilingüe desequilibrado. Un exemplo disto pode ser o fenómeno coñecido como **semilingüismo (bilingüismo social)**. Situación de subdesenvolvemento lingüístico provocada, en situacións diglósicas, pola imposición (escolar, institucional...) dunha lingua diferente á primeira lingua (**L1**) dun individuo, de maneira que nin pode desenvolver debidamente esta, nin adquirir unha notable competencia na segunda lingua (**L2**). De aí que podamos falar de **bilingüismo aditivo** e **bilingüismo substractivo ou unilateral**.

Bilingüismo territorial, este non é exactamente un exemplo de bilingüismo, senón que fai referencia á suma de dous territorios unilingües dentro dun mesmo estado, caso de Bélxica.

Cambio e alternancia de código. Interferencias

O **cambio de código** é un cambio consciente da nosa lingua habitual. Isto pode ser unha esixencia comunicativa (o receptor non coñece a nosa lingua), pero máis frecuentemente responde a unha intencionalidade comunicativa: o interlocutor, o tema ou a situación promoven ese cambio, por canto o falante considera '*máis adecuada*' a segunda lingua.

A **alternancia de código** refírese á presenza consciente de elementos das dúas linguas nun mesmo enunciado ou acto comunicativo: (“Dirán que tanta obra es para mejorar, pero tienen las calles que parecen *congostras cheas de lama*” / - “Levei o papel e deillo á filla de Pepe que me atendeu moi ben, pero despois chegou unha tipa moi *repeinadita ella, de esas de mírame y no me toques* e díxome que non me valía”).

Nestes casos, calquera receptor/emisor é capaz de deslindar os dous códigos. A razón da alternancia é a busca dun efecto expresivo / comunicativo. Ben é verdade que, na base de tal recurso, hai toda unha relación psico-social das linguas en conflito que o falante reproduce e aproveita.

A **interferencia** é a transferencia dun elemento dunha lingua a outra. Este elemento incorpórase á estrutura da lingua receptora: **non é autónomo**. No caso de linguas altamente normalizadas e fixadas, a interferencia sería **inconsciente**.

“*Vou a coller o tornillo e levarlo ao meu hermano ao taller*”.

“Este tipo *te me parece parvo, lata a primera, y viene a segunda*”.

Actitudes lingüísticas

Referímonos ás actitudes humanas como aqueles estados mentais que activan a avaliación dun obxecto e estimulan unha actuación cara ao mesmo. De ser as linguas ese obxecto, falamos de actitudes lingüísticas.

Estas actitudes constan de tres compoñentes:

a) **Coñecemento**: Cómo percibimos ese obxecto? Qué información temos sobre el? Esa información é deficiente? Está deformada? Movémonos por prexuízos? Somos capaces de diferenciar o central do accesorio? Confundimos o efecto coa causa, ou viceversa?

Fíxate no seguinte razoamento. Onde falla? *A xente con menor grao de instrución e menor poder económico emprega máis galego que castelán. Logo, o galego é un obstáculo para o progreso. Galiza é unha comunidade atrasada porque o galego lastra o seu avance. Prescindamos do galego: o castelán asegura melloras das condicións socioeconómicas.*

O desprestixio social do galego foi consecuencia da posición subordinada á que foi sometido durante séculos polo poder político-económico. Ese foi un dos factores que favoreceu os casos de abandono e estivo (está) condicionado por diversos prexuízos. Os **prexuízos** nacen dos erros na percepción da realidade, implican unha forte carga emocional e son moi difíciles de arrincar. Por veces xorden de aplicar as propiedades observadas nun individuo a todo un grupo (*'na miña casa, os que falan máis galego son os meus avós, logo o galego é un lingua de vellos*) ou, á inversa, de aplicar a individuos o que se lle atribúe a un grupo (*'a maior parte dos nenos que coñezo falan castelán, logo, se teño que dirixirme a un neno que non coñezo, vouno facer en castelán*)

b) **Afecto**: Os obxectos sociais espertan en nós afectos e desexos, de tipo positivo ou de tipo negativo. No caso das linguas poden verse como marcas familiares, culturais, económicas que activan en nós emocións diversas. Así, a lingua pode aparecer ligada a experiencias de infancia, de relación social, de ambición laboral, etc., e, polo tanto, ser obxecto de rexeitamento ou apetencia, na medida en que se rexeite ou estime unha determinada experiencia asociada a ela.

c) **Conduta**: Cómo levamos á práctica os nosos coñecementos e afectos? Transfórmanse as nosas actitudes en accións concretas? (*'Sei que o falar galego non é un estigma social. Sei que a súa supervivencia depende de min e da xente da miña idade. Ademais, gústame falalo. Fágoo?'*)

Entre as nosas valoracións e intencións, por unha parte, e a nosa práctica, por outra, interfíren –ademais dos prexuízos- **a norma social subxectiva** (presión social que a persoa percibe e que adoita proceder do seu círculo máis próximo) e **o hábito** (unha acción que, a forza de ser repetida, acaba sendo mecánica). (*'Eu quero falarlle castelán á nena, pero que dirá o resto da aldea, se o fago? Aínda nos han poñer de señoritos! Ademais ... E que non me afago e verme falando en castelán!'*).

Textos e actividades [TEMA 0]

TEXTO 1 (Sobre a lingua inicial)

Falar

Teño un ano e poucos días e cando escoito a Clara, presto atención.

Escoito as persoas que viven nesta casa e aprendo causas todos os días. Mamá ten outro nome que é Laura e, cando mamá chama por Tomás sei que ese é papá. De vez en cando veñen outras persoas á casa, e as que teñen engurras nos ollos e sempre están rindo son avó e avoa. Tamén está Rula, que é pequeniña e vive dentro dunha gaiola.

Sei que estou nunha idade complicada porque o día menos pensado teño que comezar a falar, que é algo que non se fai todos os días. Falar facilita moito as causas. Cando saiba falar por fin van saber que se choro de noite non sempre é porque teña sede ou me doía a barriga, porque ás veces soño cousas que non entendo. As cousas que non entendo son moitas aínda que hai unha que me preocupa especialmente.

Nesta casa falan dunha forma moi estraña. A mamá, a papá e aos avós cando están comendo, por exemplo, escóitollas palabras como Sopa, Pásame o pan, Un pouco de sal ou Biscoito. Eu poño o oído e escoito e vou aprendendo.

Rula é unha persoa diferente, fala dunha maneira que se chama cantar ou asubiar, que llo escoito a mamá: Que ben canta Rula, ou Asubía un pouquiño, Ruliña. Antes cando estaba soa ás veces intentaba falar como Rula, pero nunca sabía o que quería dicir. Como Rula só sei dicir ffff ou ffffu.

Aínda que ese non é o problema, porque realmente ninguén fala como Rula nesta casa. Mamá dille de cando en vez cousas lindas: A ver, bonitiña, aquí che traio alpiste; mais dillo como fala mamá, sen rúidos raros.

O problema é que de escoitar falar a mamá, papá e os avós eu xa sei polo menos cen palabras como Peido, Pis, A nena ten fame, Xa é de noite, Esta nena é moi tranquila e moi lista, Vai chover e cousas así. Eu escoito e gardo esas palabras para min e repítoas por dentro. Hai moitas palabras que escoito que aínda non comprendo como Quilómetro, Enciclopedia ou Empanada de xoubas.

O problema que teño é que, por exemplo, mamá cando fala de min con papá di A nena está esperta e de repente ven onda min e dime: Ay, mi niña, que ya despertó, ya despertastes, Clara? E eu sei que Clara son eu, mais aínda non sei por que me chama Mi niña se eu son A súa nena. Papá fai o mesmo, está falando coa avoa e di A nena debe de ter fame e vén e dime Clara, cosita, tienes hambre? E eu abro moito os ollos, intentando comprender que pasa aquí.

É unha situación estraña que se repite continuamente. Entre eles non, mais comigo cambian de forma de falar.

E agora estou nun dilema porque penso que están esperando a que eu me poña a falar un día destes. Eu xa sei dicir Ma-má en segredo. Dígoos cando estou soa porque quero practicar e teño medo de que cando o vaia dicir por primeira vez me saia mal. Mais o meu dilema é que non sei se botar a falar como falan meus pais cando falan entre eles e con meus avós ou se poñerme a falar desa outra maneira en que me falan a min.

Rula polo menos sempre fala igual.

Eu é que a meus pais non os acabo de entender. De momento vou esperar un pouco, a ver se se aclaran. Aínda que, se non queren que fale coma eles, as súas razóns terán. Digo eu...

Made in Galiza, Séchu Sende

Cuestión: *Explica o proceso de transmisión primario da lingua inicial.*

TEXTO 2 (Sobre o concepto de lingua mixta)

Moitos galegos din que o inglés aínda non o saben hoxe, despois de levaren aquí unha morea de anos. Eu tampouco chegarei a expresarme doadamente en inglés nunca. Con eles falo 'galinglish', ese idioma doméstico que fai fronteira coa lingua máis poderosa do mundo e que lles empresta as palabras de todos os obxectos que eles coñeceron aquí. Teño algunha expresión apuntada nun caderno de cando a min tamén me facía graza o 'galinglish' antes de poñerme a empregalo eu mesmo:

- *Isto xa non se move any way* —díxome un día o meu amigo Manuel, cando amañaba a campá extractora da cociña.

Mais o peor foi cando, acabado de chegar, Herminia, a señora que me limpa a casa, me dicía por teléfono, sen que eu chegase a entendela:

- *A ghuba está estragada.*

Nin eu sabía que se refería á aspiradora, nin ela sabía dicirme outra palabra. Agora sei que é o que a retórica chama metonimia. E se teño que preguntarlle a Manuel se atopou un sitio para aparcar o coche, tamén lle digo, para que me entenda:

- *Encontraches unha mita?*

Ramiro Fonte. *Tempos Novos*, agosto de 2000.

Cuestión: *Que transcendencia pode ter para a nosa lingua o contacto entre galego e inglés?*

TEXTO 3 (Sobre a competencia comunicativa)

Para algúns galegofalantes habituais dicir nunha situación familiar 'calle' en vez de 'rúa: 'carretera' por 'estrada: 'abuelo' en vez de 'avó: etc., pode ser case unha esixencia de autenticidade, xa que, ao estar establecida neste tipo de formas a relación interpersonal máis próxima, o emprego das voces academicamente correctas pode provocar unha perturbación na comunicación.

Cuestión: *Comenta o texto anterior relacionándoo co concepto de estandarización oral da lingua.*

TEXTO 4 (Sobre a competencia comunicativa e os grupos sociolingüísticos)

Situación 1:

En Santiago, nun bar da Praza de Galicia. O camareiro está collendo vasos do lavalouza e colocándoos debaixo da barra. É o home duns corenta anos, de rostro curtido e mans grosas. Entra un cliente, ten arredor de trinta anos, leva dous libros que pousa encima da mesa:

- Buenos días, que desea.
- Un café con leite, por favor.

O camareiro, diríxese á máquina e serve o pedido. (Imaxinemos dúas continuacións posíbeis:)

- (1). Quiere algo más?
- (2). Quere algo máis?

Cuestións:

1. Que razóns poden levar ao camareiro a usar o castelán?
2. Que razóns poden levar ao cliente a responderlle en galego?
3. Que razóns poden levar ao camareiro a calquera da dúas respostas posíbeis?
4. Imaxina a continuación do diálogo, desde cada unha delas no que o cliente expresa non querer máis nada.

Situación 2:

A mesma situación anterior. O único que varía é o cliente. Neste caso trátase dun señor que rolda os setenta anos, coa pel queimada polo sol e as mans calosas. Vai vestido coma quen foi ao médico.

Cuestións:

1. Imaxina o diálogo desde o principio, partindo de que o camareiro é galego e limitándote ás situacións máis probábeis.
2. Explica a razón de considerares esas situacións como as máis probábeis.

Situación 3:

O cliente é o mesmo da situación dúas. Quen atende o bar é unha moza nova, bastante ben feita e que se acaba de despedir dunhas persoas coas que parecía ter confianza.

- Adiós, vos veo por la noche. Bos días, que lle poño?

- (1). Un café con leche. (2). Un café con leite.

Cuestións:

Explica a posición da moza, na primeira intervención.

Explica cada unha das posíbeis respostas do vello.

Imaxina e explica a continuación do diálogo, no que a moza pregunta se quere algo máis o vello e este responde que non.

TEXTO 5 (Sobre o bilingüismo)**Historia de Jonathan Lema** (adaptación)

Verídico. 17 de maio. Días das Letras Galegas. Sala de urxencia dun hospital materno-infantil. Directorios e letreiros en galego, perfectamente normalizado. “Servizo médicos”. “Sala de doentes”. “Cirurxía”. “Paridoiros: segundo andar”. Capela: terceiro andar”. “Aparcadoiro”. Para rexistrar as entradas, unha enfermeira (xentil) fai en castelán as preguntas pertinentes para cumprimentar un formulario oficial redactado en galego.

- Buenas tardes, ¿el nombre del niño?
- Jonathan Lema Pérez.
- Vamos a ver... Nome, nome, dónde está el nome, sí, aquí. Nome: Jonathan Lema Pérez.
- ¿Edad?
- Doce años.
- Idade: doce años.
- Nado en...
- ¿Diga?
- Nacido en...
- Betanzos.
- ¿Y que le pasa?
- La duele mucho la cabeza y devuelve.
- A ver por dónde anda la doenza... Aquí. Así que doenza: dolores de cabeza y vómitos. Muy bien, pues siga por favor este pasillo hasta una sala con un letrero que pone “sala de doentes”, que es la sala para los enfermos, y ya la llamamos dentro de un momentito. ¿Vale? Graciñas.

De cando en vez soa a megafonía e unha voz anónima (como a dos aeroportos ou grandes almacéns) reclama a un paciente ou a un médico. “Doctor Vázquez, doctor Vázquez, acuda a la sala de xuntanzas”. A normalización é perfecta e nada conflitiva. Documentación e rótulos en galego e a comunicación oral en castelán, de forma e maneira que se está nunha situación inversa á que se vivía na Galicia de antano, cando o castelán era o vínculo lingüístico co oficial e o galego a lingua de relación co privado. É como se a xente quixese levar a contraria. Agora que poderían preguntar sen problemas en galego, teiman facelo en castelán. Non me digan que non é para coller os galegos e estarricarlles as orellas.

E por riba aos nenos póñenlles Jonathan, non Breogán, Roi ou Xurxo, como nos tempos gloriosos. Jonathan Lema. Igualño que eses actores americanos que saen nos créditos dos culebróns ou telefilmes: Frank García, Henry Castillo, Duck Velázquez, Mark Aguirre. Unha mestizaxe de nomes e apelidos que revela as dúas culturas que actúan sobre a vítima. O apelido é a raíz, os devanceiros, a tradición, a familia, o lugar dun, chámese San Juan de Puerto Rico ou Betanzos; o nome é a antena parabólica, o disco que soa, a NBA, a publicidade, o culebrón da sobremesa, a película americana da noite; e hoxe as redes sociais.

¿De dónde habrá salido ese Jonathan enxebre, doce años de idade y doente de la cabeza? Talvez os seus maiores son emigrantes retornados en cuxo caletre cultural se remexen e entremesturan a cultura castelá, a galega e a que haxa en Londres, Stuttgart ou Xenebra. Se cadra, o pequeno Jonathan naceu alá e bautizárono así para que o Lema e o aspecto hispánico do crío pasaran inadvertidos no ambiente foráneo. O malo e que agora, de volta á terra, o Jonathan non é precisamente unha boa camuflaxe, senón todo o contrario.

Mais quizais o rapaz sexa froito puro e simple do prestixio que exerce o anglosaxón. Se durante o Imperio Romano había galaicos que chamaban a seus fillos Caio ou Lucio, na época do Imperio Americano case parece normal que os Jonathan, George ou Charles acaben desbancando o santoral autóctono.

Ou sexa, que naquela sala do hospital, sendo 17 de maio Día das Letras Galegas, había unha curiosa pugna idiomática. O oficial era galego, o privado castelán e o neno portaba un nome inglés.

Aquel mozo de doce años de idade acabará sendo máis Jonatahn que Lema ou máis Lema que Jonathan? Mágoa que don Álvaro Cunqueiro non goce dalgunha primavera máis para facer disto unha crónica do sochantre.

Carlos Luis Rodríguez. *La Voz de Galicia*, 19-V-1991

Cuestión:

1. Desenvolve un texto argumentativo sobre a alternancia de códigos presente no artigo de Carlos Luis Rodríguez.

TEXTO 6 (Sobre cambio e interferencias)

No te lo dan creído

- Hola, Marujiña, preciosa. ¿Cómo estás?
- Bien, bien, si no fuese por estas tronadas todos los días.
- Claro, claro. Pero, bueno, ¿ya te enteraste de que a nuestras provincias les van a poner Ourense e A Coruña? ¡No te me lo doy creído!
- Ay, si, ya lo dice el Pepe. Pero, de aquella, ¿también a las capitales?
- En las capitales ya era así. En cambio, con lo de las provincias habrá que poner hasta matrículas nuevas en los coches.
- ¡Qué horror! Y las autoridades ¿no pueden hacer nada?
- Pero si te fueron ellas.
- En La Coruña, no, hijita, gracias a Dios. Y en Orense, ¿no hay protestas?
- Protestas, no sé, pero a la gente fina no te le gusta nada. Nunca se llamó Ourense.
- Dicen que ya se llamara así, como A Coruña.
- En tiempos de catapum.
- Si, yo bien me recuerdo, de niña de colo, oír a mi madre siempre hablando en español.
- Con lo bonito que era aquello de Orense, la Atenas de Galicia, aunque se refiriesen a los galleguistas.
- De todas formas, tanto tiene. Orense seguirá siendo Orense, de oro, y La Coruña -fijate qué bien suena, la, la, la, como la canción de Eurovisión de Massiel- nunca dejará de ser el Madrid de Galicia.

Arturo Lezcano. *La Voz de Galicia* 5-6-97.

Cuestións:

1. Os galeguismos que aparecen no texto serán descoidos ou cumprarán algunha función?
2. Cal é a postura das persoas que dialogan no texto sobre a normalización da toponimia? Que prexuízos denotas?

TEXTO 7 (Sobre as actitudes lingüísticas) Bicos con lingua

Normalmente a primeira vez que outra persoa entra no noso corpo, ou a primeira que nós entramos dentro doutra persoa, é coa lingua. Si, pode ser que antes lle chuchemos o dedo a alguén ou que lle mordamos o lóbulo da orella, mais son as nosas linguas as primeiras que nos exploran por dentro en serio, de verdade. A nosa lingua é unha das principais vías para o coñecemento humano.

Por iso é difícil esquecer a primeira vez que lle metes a lingua a alguén, a primeira vez que unha lingua entra na túa boca. Porque non deixa de ser a primeira vez que lle permitimos a outra persoa entrar dentro nosa. Ao descubrirmos a nosa intimidade, coa lingua expresamos a nosa identidade.

A que non sabías que durante un beixo se moven 29 músculos? E que os batementos cardíacos aumentan de 70 para 150 e melloran a oxixenación do sangue? Si, o beixo beneficia o corazón. E ademais adelgaza. Nun bo *morreo* gastamos preto de 12 calorías!

Tamén é importante saber que o *morreo* é cousa de dous. Un *morreo* é un diálogo entre papilas gustativas, entre a lingua e o ceo do padal, entre o cuspe e os dentes. E nun diálogo entre dúas persoas hai que dar e recibir, ofrecer e aceptar, avanzar e retroceder, facer ruído e gardar silencio, entrar e saír. *Morrear* é unha das máximas expresións da comunicación humana.

O proceso de normalización da lingua galega é un proceso comunicativo conflitivo. Os axentes sociais máis críticos denunciámos a ineficaz política lingüística da administración, o desprezo dos media ou a eficacia da escola para desgaleguizar as novas xeracións. É un proceso no que o enfrontamento e a queixa son continuos. A perda da lingua é un drama, abofé. Mais que pasaría se ligásemos o discurso da normalización da lingua ao pracer? Se falásemos desde o discurso da satisfacción e a analoxía do bico? Un pouco de humor tamén é necesario e

podemos falar de cousas serias cun sorriso nos labios. Estabamos falando de beixos con lingua... Eis a **Guía Sexual da Sociolingüística**.

1. Esixamos para a nosa lingua o mesmo pracer do que goza calquera lingua.
2. Se aínda nunca o fixeches busca alguén con quen te sintas cómoda ou cómodo e adiante! Aínda que ás veces facelo con persoas descoñecidas, así de súpeto, resulta mellor.
3. O proceso de normalización é un proceso social que parte de cada persoa e que se basea no intercambio de comunicacións. Podemos facer moitas cousas en solitario..., mais non nos podemos *morrear* a nós mesmas.
4. Se teu pai e túa nai non che aprenderon nin che dixeron como se fai, non pasa nada... Aínda estás a tempo de aprender pola túa conta.
5. Sobre este tema sempre houbo –e hai– tabús, falsos mitos, pouca información e moita ignorancia. Pasa dos prexuízos doutros tempos e adiante.
6. Hai xente á que lle gustaría probar porque intúen que lles vai gustar mais..., dálles corte! Non te acovardes, desinhíbete e goza coa lingua.
7. Aínda hai xente que pensa que darlle á lingua non é fino e xente que pensa que é un pouco vulgar.. He, non teñen nin idea!
8. A lingua é un instrumento imprescindible para relacionármonos, integrarnos, darnos a coñecer e coñecer xente. Sen non usas a lingua fechas portas. Non sexas pechado ou pechada.
9. Pode ser un *rollo* dunha noite. Ou unha relación para toda a vida.
10. A eficacia da lingua depende da práctica. A lingua mellora co uso. Ninguén nace aprendido!
11. Hai persoas que teñen problemas psicolóxicos que lles impiden darlle á lingua con normalidade. Eses problemas –identificados pola Sociolingüística como diglosia, autoodio.– teñen solución.
12. Hai persoas que teñen problemas ideolóxicos que dificultan ou impiden o uso natural da lingua. Esas problemas teñen máis difícil solución.
13. Isto tamén é un feito cultural. Respecta a cultura da túa sociedade. Se vivísemos no polo norte entre esquimós sería normal dármonos os beixos chocando o nariz.
14. Hai persoas que consideran que a súa lingua é máis útil, máis áxil, máis atractiva e mellor. A ignorancia non ocupa lugar.
15. O morreo, como a lingua, non diferencia as persoas, é democrático: non debe discriminar por idade, raza, sexo, clase social ou lugar de nacemento.
16. É bo para a saúde e para a túa calidade de vida persoal e social. Unha habilidade necesaria no mundo de hoxe.
17. Hai quen pensa que son as linguas as que lles dan prestixio ás persoas cando realmente somos as persoas as que prestixiamos ou desprestixiamos a nosa lingua. E se nós non valoramos a nosa lingua, quen o vai facer?
A lingua é a mellor forma de descubriros e descubrir outras persoas. O mellor é ter como obxectivo vivir a nosa lingua como a nosa sexualidade: de forma libre, satisfactoria, consciente, responsábel e saudábel. Con normalidade! [...]

Séchu Sende

Cuestións: Á vista do expresado por Séchu Sende neste texto persuasivo, que coñecementos, afecto e posterior conduta tenta impulsar de cara á lingua galega? Que tipo de prexuízos anima a superar?

Tema 1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

A lingua galega ofrécenos a posibilidade de nos identificar como grupo humano con características propias e particulares. De feito, falar galego é algo máis que un feito comunicativo, é un acto social, que manifesta a orixe, funcionalmente a través de dous tipos: a función de identidade e a función contextual.

1. Valoración social

Desde o punto de vista gramatical todas as linguas teñen unha estrutura que lles permite ser utilizadas para calquera función comunicativa. Pola contra, son circunstancias sociais e políticas as que fan que haxa diferentes valoracións para as linguas. Unha boa demostración de valoración social externa e de que esta pode variar ao longo da historia, é o caso do inglés, lingua proscrita dos usos públicos durante os séculos XI a XIV, mentres que hoxe funciona como idioma internacional franco para o cine, a música, a diplomacia, a ciencia, a economía...; ou do castelán, que pola contra é lingua que perdeu prestixio en Porto Rico ou Filipinas; tamén minorizada en EE.UU.

Aínda que inicialmente son os factores externos apuntados anteriormente os causantes da diferente valoración social das linguas, tamén son moi importantes os hábitos lingüísticos, o costume que leva a considerar que un idioma serve para unha cousas e non para outras. Un exemplo o feito que a mediados do século XX había produtores musicais que non querían gravar discos de rock en castelán porque dicían que para ese estilo só era válido o inglés; máis tarde acontecería algo semellante co galego.

O prestixio dunha lingua está, daquela, directamente relacionado coas funcións sociais que ese idioma desempeña na sociedade, cos ámbitos de uso (en contextos formais ou non) e co seu recoñecemento legal. Esta dobre valoración provoca o **conflito lingüístico**. (Ver tema 9 de Lingua e sociedade de 1º Bac: *Funcións sociais da lingua. Conflito lingüístico e diglosia*).

2. Estereotipos e prexuízos lingüísticos

Os prexuízos ou preconceitos lingüísticos son calquera xuízo de valor, subxectivo e non asentado na razón, que se formula sobre un idioma ou sobre as persoas que o falan coa finalidade de causar rexeitamento e, inclusive, hostilidade. Daquela os estereotipos e os prexuízos lingüísticos están estreitamente relacionados coas situacións diglósicas. Os estereotipos negativos (incultura, rudeza, escurantismo) que os grupos dominantes adoitan atribuír aos grupos minorizados transmitense a través da escola, a prensa etc.; estes, moitas veces, acaban por asumilos como verdadeiros.

Os prexuízos aparecen cando se leva a cabo unha interpretación errónea dos estereotipos xeralmente por dous motivos:

a) Porque non se aceptan as excepcións, caso dos neofalantes.

b) Porque parten dunha percepción causal errónea. Os grupos castelán falantes de Nova York, por exemplo, pertencen a grupos sociais discriminados, iso supón a condición do castelán como lingua minorizada. Ora ben, nunha inversión de causas e consecuencias son moitos os castelán falantes os que consideran o castelán como a causa das súas limitadas posibilidades de ascenso social.

2.1. Evolución dos prexuízos

Na sociedade galega difundíronse estereotipos negativos que non só estigmatizan trazos do galego (sobre todo os que non coinciden co castelán), senón tamén a propia lingua. Estereotipos recorrentes eran que **o galego non**

ten gramática, é simple e incompleto, rudo, soa mal, non serve para as necesidades da vida moderna, íllanos da cultura universal e do mundo. O castelán, pola contra, é unha lingua completa: moderna, cosmopolita, meliflua e ábrenos as portas do futuro. Falamos neste caso de **prexuízos vellos ou tradicionais** que podemos clasificar en:

a) Prexuízos estéticos.

Aqueles que fan referencia á eufonía ou cacofonía do idioma en conxunto e dalgúns dos seus trazos: “O chistes son máis graciosos en galego”, “o galego é unha lingua bruta e malsoante”, o galego é unha lingua doce é agarimosa”, “a gheada soa mal”. Algúns son prexuízos falsamente positivos (actitude compensatoria ou ideal), pois todas as linguas son doces e ásperas, graciosas e melodiosas etc. En suma, todas as lingua teñen capacidade de expresaren os múltiples matices que a comunicación humana demanda.

b) Prexuízos socioeconómicos.

Estes atribúen potencialmente un determinado estatus económico segundo a lingua que se empregue, o que se reflicte en frases como: “O galego é a lingua dos pobres”, “co galego non se vai a ningunha parte fóra de Galicia”, “o uso do galego é un atranco á hora de atopar traballo”. Mais na actualidade non se pode asociar o galego a unha clase social concreta, nin cunha situación de precariedade económica. No mundo laboral o coñecemento do galego abre portas, dentro e mesmo fóra de Galicia.

c) Prexuízos socioculturais.

Son os que relacionan o galego coa incultura e a falta de educación. Sen dúbida estes foron os que sufriron unha maior regresión (caso do galego lingua ágrafa), no entanto aínda hai xente que opina que “é de mala educación contestar en galego cando che falan castelán” (falsa hospitalidade), que “as matemáticas e a química son máis difíciles en galego” ou que “nunca se consolidará o rock en galego porque non é unha lingua apropiada para este tipo de música”.

A medida que os avances normalizadores van rompendo ese tipo de estereotipos, xorden **prexuízos novos**; neste caso xa non para denigrar a lingua, senón para descualificar os avances normalizadores, a saber:

a) O prexuízo da variante normativa: galego de “laboratorio” vs. galego “natural”.

A variedade estándar das linguas minorizadas é presentada como algo artificioso e “antinatural”, como unha lingua de laboratorio que non existe, é dicir artificial que non utiliza ninguén e que se afasta moito da lingua popular ou “auténtica”, ou que o galego sempre está a cambiar; o que frea a estandarización do idioma, modelo imprescindible para os ámbitos formais e para a adquisición secundaria do idioma. Non sucede o mesmo nas linguas hexemónicas. Non fondo, o que se censura é que esa lingua minorizada acceda a novas funcións para as que se creou o estándar.

b) O prexuízo do galego como marca ideolóxica.

O estereotipo do galegofalante (de avanzada idade, de orixe rural, con castelanismos, dialectalismos ou vulgarismo na súa variedade...) pode verse afectado cando alguén no responde a ese **perfil social tradicional**. Daquela, os estereotipos protéxense con prexuízos de que esa persoa responde a coordenadas ideolóxicas independentistas ou ten intereses profesionais (profesor de galego)..., de que en definitiva non é galegofalante “auténtica, natural”, e que son persoas novas de ámbito urbano (urbanitas) que fan un uso consciente do galego. Trátase, polo tanto, de non admitir excepcións ás nosas ideas prefixadas, prexuízo asociado aos **neofalantes**.

c) O prexuízo dos neofalantes.

A xente que comeza a falar galego sen telo como lingua familiar faino porque é unha moda, por consciencia ou porque ten unha ideoloxía radical. Os neofalantes nunca sentirán de verdade o galego, empregando o chamado **neogalego** ou novo galego urbano.

d) O prexuízo da presenza oficial: o galego como “lingua imposta” (prexuízo sociopolítico).

Todas as dinámicas de promoción e políticas de discriminación positiva favorables ao galego son tachadas de “imposición á forza” e “atentados contra a liberdade individual”; argumentos asentados en que “cadaquén é libre de elixir a lingua que quere” ou “non se pode atender o público en galego porque se vén alguén de fóra non entende”; e isto, ao revés do que sucede coa maior parte da leis e normas que emanan dos parlamentos democráticos. É o que se denomina discurso do **politicamente correcto**, norma social moi estendida a nivel explícito. É dicir, afírmase o falso argumento de que o galego está a ser imposto no ensino, na Administración etc. (por unha minoría), e igual que se impuxo antes o castelán, agora quérese impor o galego, ou que a cultura en galego está subvencionada.

e) O prexuízo da competencia: o galego como lingua difícil.

Prexuízo que afecta á propia competencia do falante á hora de empregar a lingua galega. Así, moitas persoas que mesmo non presentan os prexuízos anteriores seguen a utilizar o castelán porque desconfían das súas propias capacidades lingüísticas en galego, non teñen o hábito de uso, unha das condutas máis difíciles de modificar, ao crer que falan mal a súa propia lingua, que non a dominan (lingua difícil).

2.2. Prexuízos e conduta. Repercusión nos usos

Os prexuízos e as actitudes en xeral considéranse condicionantes principais causais da conduta humana. Nos prexuízos, o estereotipo vai sempre acompañado de sentimentos de **rexeitamento** e dunha **tendencia á discriminación**.

Con todo no son os únicos factores a considerar. Entre outros débense ter en conta:

- O **hábito** de uso.
- A **competencia** e a **fluencia** na lingua.
- O **contorno**, que en Galicia favorece maioritariamente o castelán. Mentres, no ámbito urbano todos os espazos teñen o castelán como lingua predominante, no ámbito rural abundan os ámbitos que favorecen a presenza do castelán.
- A **influencia dos grupos de pertenza**. A predominancia do castelán na maior parte dos grupos xuvenís (**estereotipo de xénero**), empresariais, administrativos... estimula o abandono do galego e obstaculiza a *regaleguización*.

En tanto estes prexuízos acaban sendo asumidos por moitos cidadáns, convértense en fortes obstáculos para a recuperación da lingua minorizada.

Percíbense tamén como un poderoso instrumento para modificala. De aí o gran poder que se lles atribúe e que mesmo ten desprazado a influencia doutros factores así mesmo determinantes.

Non obstante, os datos do IGE-2018 poñen de manifesto que a sociedade galega ten un notable dominio do galego. A poboación menor de 30 anos declara posuír un dominio alto, o 72,28%; medio, o 23%; e baixo ou nulo só o 4,54%.

A xente nova ten inseguridade lingüística porque non ten contextos onde falar de xeito coloquial o galego. Esta percepción de falta de competencia convértese nunha xustificación da falta de uso e na medida en que sexa corrixida o galego gañará espazos e falantes.

En conclusión, hai un conxunto de **factores psicosociais** que condicionan a nosa elección lingüística e cuestionan a idea de que a nosa elección é un dereito unicamente individual. Unha recuperación efectiva dunha lingua minorizada non é posible sen unha intervención decidida neses factores (psicosociais, estéticos, socioeconómicos, socioculturais, sociopolíticos).

Actividades:

1. Explica en que consisten os prexuízos lingüísticos e comenta os que subxacen en afirmacións como:

- Para falalo mal, é mellor non falalo.
- Na era da globalización é absurdo empregar unha lingua minoritaria como o galego.
- Fóra de Galiza o galego non serve para nada.
- O galego é unha lingua doce e melodiosa, moi apropiada para a poesía.
- O galego é un atranco no mundo laboral para atopar un posto de traballo.
- Eu falo na lingua que me falen.
- En galego só hai gaiteiradas que aborrecen; nunca haberá bo rock e bo pop en galego porque soa fatal.

Fonte: *Lingua galega e literatura*. 2º Bacharelato. Baía Ed.

2. Logo de ver na clase o documental *Linguas cruzadas* (<http://tv.uvigo.es/video/25760>) realiza un comentario sobre os prexuízos que afloran no mesmo (200-250 palabras).

3. *55 mentiras sobre a lingua galega* (Laivento, 2009) é un libro que analiza os prexuízos máis comúns sobre o galego.

Proposta: fai unha recensión do mesmo (200-250 palabras).

Textos e actividades [TEMA 1]

Texto 1

Yo no tengo nada en contra del gallego, Alberto, al contrario, si me parece un alengua de lo más *riquiña*. Te lo juro. Yo lo único que digo es que no nos pueden imponer algo así por la cara, por la jeta, para decirlo más claro, y perdóname si te soy tan explícita. Nosotros lo único que solicitamos es una Galicia bilingüe, solo eso. Como siempre fue... Si todo se desarrollaba con normalidad, ¿por qué ahora nos vienen estos a imponernos que hay que hablar gallego y que se tienen que impartir la mayoría de las asignaturas en esta lengua? ¡Pues yo me niego! ... ¡Eso es anticonstitucional aquí y en Roma! ¿No estábamos bien como estábamos? ¿No había ya ua asignatura de gallego? ¿Y ahora qué quieren, entonces? ¿Las matemáticas en gallego?, también? ¿Pero se nos fue a todos la olla o qué?... ¿Y como le vamos a llamar ahora a elevar una cifre al cubo? ¿Al *caldeiro*? Pero, por favor, no me hagan reír. ¿Pero en qué país vivimos? ¿Pero queremos comparar una lengua y otra? ¿A qué viene ahora eso de meter el gallego hasta en la sopa? A ver si nos entendemos. Las lenguas, cada lengua tiene su propio espacio. El gallego es una lengua que ahí está, con su propio espacio, su propio *cortello*, como tienen los animales, y que siempre estuvo ubicado más que nada en el campo y en la vida rural. ¿O no es verdad? ... Es aquí, precisamente, donde tiene su valor, su *idiosincracia*, si queremos hablar con mayor rigor. ¿Nuestros labriegos, nuestros campesinos, qué maravilla, oírles hablar en su lengua, que hay veces que no les entiendes ni papa, pero esto es el gallego, el auténtico, y no este medio inventado que nos quieren meter con calzador todos estos botarates, que ni es gallego ni es nada, por favor! ¿La *vaquiña*, los *porcos*, la *leira*! ¡Perfecto!... ¡Imagínate!, ¡la lengua castellana!, ¡sí!, la del Quijote, la de Quevedo, la de Camilo José Cela, la que llevamos al Nuevo Mundo, la que hablan millones y millones de personas, relegarla, apartarla, ridiculizarla,... ,ningunearla para hablar un dialecto a caballo entre el portugués y el castellano pero que se queda ahí en medio del camino, medio perdido, sin personalidad, descascarillado, sin normativa definida ni definitiva. ¡Pero si cada día la cambian!... ¡Cuánto daño le hicieron a este país las autonomías, Jesús!...

Álex Alonso, *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*. Xerais, 2016

Cuestión: *Que tipo de estereotipos e prexuízos aparecen reflectidos no texto. Coméntaos con exemplos tirados do propio texto.*

Texto 2

O gaélico-irlandés, lingua de orixe céltica é primeira lingua oficial (o inglés é a segunda) en Irlanda. A pesar diso, só é coñecido por un 32% da poboación, sen que haxa practicamente monolingües (só uns 5.000) e só se fala na franxa costeira occidental. Iso sucedeu a pesar de que a principios do S. XIX o inglés só se utilizaba nunha zona moi reducida en torno a Dublín. Cando Irlanda consegue a súa independencia, neste século, o desprestixio social e a represión seguida do abandono lingüístico acumulados impediron a súa recuperación, aínda que se convértese en materia obrigada de estudo nas escolas.

Cuestión: *A teor do texto, argumenta a afirmación: “Non se pode confundir normalidade lingüística con oficialidade da lingua”. Que prexuízo(s) se deriva(n) de tal observación?*

Texto 3

É curioso repararmos en como hoxe son motivo de sanción social negativa tanto o uso dun castelán incorrecto como o uso dun galego correcto. Sobre todo cando hai unha boa fonética ou entoación, ese galego xenuíno tende a chamarse “gallego cerrado”. O referente de corrección do galego deixa de estar centrado en si mesmo e pasa a ter como eixo o español. Noutras palabras, para moita xente, un bo galego é aquel que se parece ao castelán: sen acento, sen infinitivos persoais, con léxico cada vez máis idéntico ao do español... Un galego satelizado, que se podería converter de forma progresiva nun dialecto do castelán, aínda que formalmente continúe a ser galego.

Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez, Carlos Callón (2012)

Cuestión: *Comenta os prexuízos presentes no texto anterior.*

Texto 4 *As palabras inventadas?*

-¡Hombre! ¡Qué bien que te encuentre, que te quería preguntar una cosa! Es que ayer vi una palabra de estas que os inventáis para el gallego y medije: “Pues a ver si lo sabe Carlos”.

Non pensedes que o ton da coñecida que tiña en fronte era agresivo. Era só que tentaba pórmelo en evidencia.

-Pues en la carretera había un cartel que ponía: “Mañá sábado, almoeda.” ¡¡Almoeda!! ¡En mi vida, Carlos! Ya lo de inventarse *grazas* tiene tela... ¿Pero qué es eso de *almoeda*?

-Mulleriña, unha *almoeda* en galego é... o mesmo que unha *almoneda* en castelán!

Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez, Carlos Callón (2012)

Cuestión: *De que prexuízo parte a actitude da señora? Razoa a resposta.*

Texto 5 *Bilingüismo*

La verdad, no entiendo a esta gente que exige el bilingüismo, cuando en Galicia llevamos toda la vida siéndolo, que se duelen del peligro que corre el idioma español amenazado por no sé qué agentes demonizadores que pretenden eliminarlo de nuestras vidas.

No entiendo dónde está la amenaza. Pero si hoy en día en este mundo tan globalizado, en que solo se necesita un idioma para ir por la vida (eso sí, es obligatorio o estás *out*), entras a navegar por la *web*, te bajas el último *single*, del grupo de moda, que está de *number one* en el *ranking* porque lo dice un *discjockey*. Si llegas tarde a trabajar, que ni tiempo tuviste a echarte *body milk* después de la ducha (*after shave* si eres hombre), a tu empresa de *outsourcing* y tienes una movida de cuidado porque toca *brain stormy*, y tú con el *power point* sin acabar, que no lo pudiste guardar en el *pen drive* porque los *drivers* estaban mal y encima al llegar el *parking* estaba *full*. Así que al final te das el bote y como tienes *cash* te vas, al *outlet* a comprarte unos *leggings* o unos *jeans* o un *blazer* y se te pasa el cabreo y ya ni té acuerdas del problema del idioma ese que tienen entre aldeanos y los de la *city*.

¡Ay! Me acabo de dar cuenta de una cosa, igual el español sí está amenazado, eso sí, miren bien a ver de dónde viene la amenaza...

Jesús M. Arnos Barro. *La Voz de Galicia*, 2-03-2009 (*Cartas ao director*)

Texto 6

Foi unha das primeiras noites de festa daquel verán. Dous amigos re mais eu estabamos un pouco desorientados na cidade da Coruña procurando a rúa onde se realizaba un concerto. Pasou unha señora e preguntéille: “Desculpe, podería dicirme onde está apraza tal?” Axudándose das mans, indicounos: “Ides por aquí todo recto e despois colledes á esquerda”. Agradecémosllo cun “moitas grazas” e ela, afábel, interesouse por nós: “E logo de que parte de Portugal sodes?” Caéronnos os queixos ao chan. “Non, non! Somos galegos! El élle de Petín, el de Rianxo e eu de Ribeira”. “¡Ah! ¡¡Sois gallegos!! ¿Pensaba que erais portugueses! Bueno... Pues cogéis todo recto y después a la izquierda...”

Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez, Carlos Callón (2012)

Cuestión: *Explica os prexuízos que amosa a señora do texto anterior.*

Tema 2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

A **variedade estándar** dunha lingua é aquela que goza socialmente de maior prestixio ao ser a empregada na escrita e nos contextos formais. Trátase dunha variante que non debe suplantarse nin eliminarse as demais variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas.

Convén distinguir os conceptos de **normativa** e **estándar**. A primeira é o resultado da fixación dunha norma; mentres que o estándar é a posta en práctica desa norma.

Na escolla da variedade estándar inflúen varios factores e criterios, normalmente de carácter extralingüístico: criterio cuantitativo, prestixio social, prestixio literario e criterio político-ideolóxico. A confluencia dos criterios anteriores produce tres modelos diferentes de estandarización: modelo unitarista (caso de francés ou castelán), modelo composto (éuscaro e galego) e modelo plural (portugués).

A recuperación do galego como lingua escrita, no século XIX, abre a necesidade da elaboración dun *estándar*, dunha *norma común*.. Esta é unha idea xa presente nos autores do Rexurdimento e anteriores.

Hoxe contamos cunha proposta estándar aceptada oficialmente e divulgada a través dos medios de comunicación, o ensino..., resultado do proceso iniciado no século XIX. Neste proceso súmanse accións individuais, colectivas e tamén institucionais.

Para comprendermos as etapas do camiño seguido polo galego para a consolidación dun estándar debemos ter claros o seu proceso de expansión cara a novos usos e a conciencia sobre as necesidades e a función social que debe cumprir o idioma.

1. Historia da construción do estándar galego

Fernández Salgado e H. Monteagudo, distinguen catro etapas na configuración do galego estándar:

1. Galego **popularista** (aprox. ata fins do século XIX, 1880)
2. Galego **enxebriista** (desde fins do XIX, 1880, ata 1936)
3. Galego **protoestándar** (desde 1936 ata 1982)
4. Galego **estándar** (de 1982 a hoxe)

Para iso baseáronse na evolución das solucións ortográficas, no tratamento das diversas solucións dialectais e nos recursos de *modernización lexical*.

Solucións ortográficas. Grafización:

Os precursores enfrontáronse co problema de como representar ortograficamente unha lingua da que descoñecían a súa tradición escrita. **O seu punto de referencia vai ser o castelán** e o que fixeron basicamente foi adaptar a ortografía castelá. Con todo, a necesidade de representar fonemas inexistentes en castelán ou as pretensión de reproducir as elisións vocálicas que se producen na cadea falada desembocaron en diferentes solucións e na **profusión de signos ortográficos** como acentos graves ou circunflexos (` , ^) ou apóstrofes e trazos, utilizados sen maior criterio que o persoal. (*Hoxe, â noite, dés que durman, Sahirey po-l-o ventanil; Daránm'as sombras alento...;E adios casa onde nacín!.. ROSALIA*)

Esta tendencia foi devecendo e cada etapa posterior marca unha maior regularización e simplificación.

Morfoloxía. Selección das variedades dialectais

Nos inicios do galego escrito, cada autor parte fundamentalmente da lingua oral da súa zona. Conforme avanza o tempo, cada escritor ten máis precedentes e polo tanto maior coñecemento doutras formas. Avánzase así cara ao o **interdialectalismo** (a coexistencia de varias solucións, sen seleccionar, p.ex. en *Cantares Gallegos* atopamos: *aldeáns*, *coraçons...*, á beira de *espresiós*, *tizós...* e mesmo de *pasioes*, *xeneracioes...*). A partir da Irmandades consolídase o **supradialectalismo** (isto é, selección dunha forma para cada fenómeno)

As actuais Normas culminan esta tendencia e baséase na elaboración dunha *koiné* que combina as diferentes solucións dialectais, excluindo a posibilidade de primar unhas variedades sobre outras. Un bo exemplo é o da morfoloxía nominal: na serie *irmán / irmá / irmáns / irmás*, na solución *canción / cancións*, ou no plural das formas *animal / animais*.

Tratamento e ampliación do léxico:

No galego populista, A nota fundamental é o seu apego á lingua oral. Por iso non se exclúen os castelanismos nin os vulgarismos propios dela.

No galego enxebrista, os trazos definitorios veñen dados polo **diferencialismo** (a respecto do castelán) e a **ampliación léxica**. Iso é consecuencia de que:

- Hai conciencia de que na lingua oral abundan os castelanismos e de que deben ser eliminados para manter a pureza da lingua, o que leva a incorrer en excesos e ultracorreccións (**hiperenxebrismos, exclusión de formas comúns co castelán...**)
- A ampliación dos usos da lingua demanda que se exploran todas as **vías de modernización léxica: neoloxismos** por derivación e composición, **ampliación semántica** de palabras que antes tiñan unicamente referencia rural, recuperación de **arcaísmos, recurso ao portugués, préstamos....**

No galego protoestándar e estándar.

O proceso de expansión continúa e con el a ampliación lexical. Un maior coidado filolóxico significará que, xa no galego estándar, **son excluídos aqueles excesos diferencialistas**.

Os labores máis importantes neste aspecto son a **recollida**, a **depuración** e a **innovación**, con vistas a establecer un vocabulario común a través de dúas facetas: o **cultivo terminolóxico** e o **cultivo estilístico**. Este proceso de estandarización impulsouse mediante a Planificación Lingüística e a Normativización.

O traballo fundamental na codificación do léxico correspóndelle a Antón Santamarina e a Manuel González Lorenzo, que co seu [Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega](http://www.realacademiagalega.org/volga/) fixan un amplo vocabulario (arredor de 50.000 palabras) con todo o rigor filolóxico esixíbel e que serve de base para os dicionarios actuais (<http://www.realacademiagalega.org/volga/>).

2. As diferentes tendencias normativas na historia do galego.

Ao longo do século XX téñense manifestado dúas tendencias principais á hora de fixar un modelo normativo para o galego: os *isolacionistas* ou *autonomistas*, partidarios de tomar como base o galego moderno; e os *reintegracionistas* ou *lusistas*, partidarios de tomar como referencia o portugués.

Con vistas a chegar a unha concordia modificáronse certos aspectos da normativa vixente para achegar as posturas cara a un acordo normativo para a convivencia e a boa saúde da lingua. Dita proposta foi presentada en novembro de 2001 á RAG polo ILG e as áreas de Filoloxía Galega e Portuguesa das tres universidades galegas.

As modificacións, sen deixar na ilegalidade a quen levaba 20 anos nela, permitían entrar na oficialidade á gran maioría dos disidentes. Así, **o 12 de xullo de 2003 a RAG aprobou en sesión plenaria o novo texto legal das Normas.**

3. Interferencias lingüísticas

A prolongada situación de contacto entre galego e castelán provocou un continuo intercambio de elementos entre as dúas linguas. A este respecto, Weinreich distingue entre **interferencia na fala** (trazo incorporado por falantes bilingües) e **interferencia na lingua** (trazo incorporado e xa aceptado por toda a comunidade). Neste caso xa poderíamos falar de préstamo de integración (bocadillo, tortilla...).

O distinto grao de aceptación desas interferencias segundo cal sexa a lingua receptora determina o mantemento ou a corrección das mesmas. Deste xeito, a tolerancia cara aos castelanismos no galego, moito maior que a de galeguismos no castelán, tamén implica unha diferente consideración social das linguas.

A situación dunha lingua minorizada en proceso de substitución non só se expresa na perda progresiva de falantes, senón tamén na perda de pureza. A maior ou menor aceptación das interferencias convértese así nun índice da forza de resistencia desa lingua.

3.1. Os castelanismos.

Definirémolos como calquera interferencia do castelán no sistema lingüístico galego, distinguindo cinco tipos de castelanismos segundo o nivel lingüístico de interferencia:

a) Castelanismos léxicos.

Son debidos a *interferencias de transposición e de converxencia*. Hai dous tipos básicos

O **castelanismo léxico extremo**, este consiste na substitución da palabra castelá pola galega (**Dios* por *Deus*, **abuela* por *avoa*); e o **castelanismo léxico-fonético ou disfrazado**, neste caso a forma castelá adáptase á fonética galega (**antoxo* por *antollo*, **conexo* por *coello*, **desaiuno* por *almorzo*).

En ambos os casos pode darse a convivencia da forma galega coa forma castelá, producíndose moi a miúdo unha restrición no significado da forma galega (que se caracteriza negativamente): *cuchillo/coitelo* (*o de matar os porcos*), *grifo/billa* (*a do pipo*) / *ordeñar* (*con máquina*) / *muxir* (*a man*)

b) Castelanismos morfolóxicos

Afectan á morfoloxía. P. ex: O xénero e número dos nomes: **a leite*, **a mel*; **papeles*, **leies*...; o uso de TE como CI; o uso de EU como segundo termo da comparación: *come máis ca eu*; o uso incorrecto de reflexivos: *laveime a cara*...; o demostrativo **estos*; os relativos **cuio* e **quenes*; indefinidos como **alguién* ou **ninguén*, ou o uso de *algún* en oracións negativas: *non me fixo caso algún*; ou o emprego de formas compostas verbais (**había dito*) ou converter en irregulares formas que en galego non o son, ou ao revés: **andoven*, **produxo*...

c) Castelanismos sintácticos

Son menos frecuentes que os anteriores, aínda que o proceso de castelanización incrementa a súa aparición. P. ex: a ausencia de artigo diante do posesivo (*nosa casa é rehabilitada*), a incorrecta colocación do pronome átono ou o uso da preposición *a* nas perífrases de ir ou volver+infinitivo: *vou a comer*...

d) Castelanismos semánticos

Unha forma galega (ou frase) ve alterado o seu significado por interferencia da equivalente castelá: *escaleira* por *escada*, *sono* por *soño*, *roxo* por *vermello*, *axuntamento* por *concello*, *fogo* por *lume*... [Ver anexo 1 de fraseoloxía].

e) Castelanismos gráficos ou ortográficos

Afectan ao uso de *b / v* e *h / ó*: **cobarde* por *covarde*, *avelá* por *abelá*, *armonía* / *harmonía*.

f) Castelanismos fónicos

Interferencias estas dificilmente reversibles que afectan á non distinción sistemática das vogais de grao medio /*ɛ*/-/*e*/ e /*ɔ*/-/*o*/, á consoante nasal velar /*ŋ*/ que se realiza como alveolar /*n*/ e ao son fricativo palatal xordo /*ʃ*/ que se despalataliza e se realiza como alveolar /*s*/.

4. Desviacións da norma**4.1. Propias da escrita****A) Os hiperenxebrismos ou hipergaleguismos**

Son formacións erróneas feitas con afán diferencialista ou ultracorrección. Afectan sobre todo aos cultismos, aos que se lles aplican a evolucións propias das palabras patrimoniais:

Eliminación do -*l*- e -*n*-: **abandoar*, **orgaizar*, **apaixoar*...

Rotación do -*L* grupos PL, CL, FL: **craro*, **espricar* ...

Alteración de grupos cultos: **iñorante*, **ámeto*...

Palatalización do *n* en -*ino* / -*ina*: **gasoliña*, **oficiña*...

O fenómeno do hiperenxebrismo tamén pode afectar á semántica (*rubir*=agatuñar por *subir*) ou aos procedementos de renovación léxica (**rubidoiro* por *ascensor*, **televexo* por *televisión* ou *televisor*)

B) Os arcaísmos.

Son palabras perdidas ao longo da historia e recuperadas da lingua medieval por afán diferencialista: Hai que distinguir tres tipos de arcaísmos: fonéticos, léxicos e sintácticos. Ex.: **nascer*, **parescer*; **tiduo*, **conquerir*, **vegada*...

C) Os lusismos.

O portugués é unha referencia importante para a restauración de formas, con todo a actual norma establece os límites deste recurso, polo que se consideran **lusismos**:

a) A nivel gráfico: *hoje*, *gente*, *naçóm*, *filho*, *povo*, *governo*..

b) A nivel morfolóxico: *cais*, *faceis*, *receber*, *dicer*...

c) A nivel léxico: *nervo*, *proprio*, *meios*, *comboio*,...

4.2. Propias da lingua oral

Os **dialectalismos** e **vulgarismos** (vide **Temas 1 e 2 do B3 de Funcionamento da lingua, lingüística**) son formas lexítimas da lingua que simplemente non foron seleccionadas para a variedade estándar escrita. Son, polo tanto, válidos en determinados niveis de lingua. Os primeiros mesmo nunha variedade culta oral.

Alén diso, cómpre situar os textos no seu momento histórico. Ata a etapa actual, era frecuente atopar o uso de dialectalismos e vulgarismos por impulso diferencialista. Ás veces incluso se tomaron como base para a creación de formas ultracorrectas: **ista* por *esta* ou **proieuto* por *proxecto*.

5. Outras interferencias.

Os **barbarismos** ou **estranxeirismos** son préstamos innecesarios que, por abandono ou snobismo, son especialmente empregados no ámbito xornalístico: *off side*, *parking*, *marketing*...; *crepê*, *affaire*...

Textos e actividades [TEMA 2]

A. Corrixe e tipifica os castelanismos das secuencias seguintes:

1. Aparta as sillas do medio da cociña, colle a escoba e barre. Logo, colles o martillo e clavas un clavo naquela tabla.
2. Non poñas a sartén debaixo do grifo, que acaba de salir do fogo.
3. Bueno, home, bueno. Menudo cazador estás feito. Pasan as codornices e os conxos a un palmo da túa nariz e nin te enteras.
4. Calquer día destes vamos a cenar a un restaurante, porque xa vou canso de lentexas e xudías. Adezo polo pescado, de maneira que vou a pedir bacalao, besugo ou unha boa rodaxa de merluza. De postre unha boa tarta. Ti, se queres, pide unha limonada, pero eu, e coste o que coste, hei chamar ao camarero para que lle tire o corcho a unha botella de champán.
5. Colle o embudo que deixei a carón da chimenea.
6. Miña irmá casouse moi enamorada. O día da boda ía moi fermosa cunha guirnalda de flores colgada do cuello.
7. É unha maravilla de automóvil. Os frenos son seguros e a palanca de cambio facilita as maniobras.
8. O análisis revelou que o accidente produxose nunha coiuntura difícil de repetirse.
9. Crees que é máis duradeira a amizade que a parexa?
10. Foi o antoxo dalgúns políticos o que frenou a chegada da liberdade. Tamén é certo que o pueblo non supo dar remate ás envidias.
11. Pon a xeringa preto da bombilla e dálle unha iniección ao reptil.
12. Hai que decilo porque é un ultraxe: no noso turno nunca nos serven a comida quente.
13. Os seus rasgos reflexan que ten pouca salud. Comprou unha tumba no cementerio.
14. Trabóuselle o manillar e caeu na acera. Esmagou o hombro e o homóplato e partiu a rodilla e mais o húmero. Seica lle vai a quedar xoroba.
15. Os aficionados, que enchían as gradas, no canto de miraren para os lanzadores de xabalina, seguían engaiolados cos xogos de baraxa dun malabarista proiectados na pantalla xigante do estadio.
16. Ibamos pola autopista a máis de cento vinte por hora; esvaramos por mor do xelo, saltamos o arcén, fomos contra o valado e esmagamos o guardabarros.
17. Era unha maravilla de xardín; de día cantaban os ruiseñores e de noite había tantas luciérnagas que mesmo semexaba reflexarse na terra o ceo estrelado.
18. A lubina é o pescado que máis me sabe; caracoles, a verdade, e que nunca os comín, pero que me digas que se comen as urracas, non cho creo.
19. Non habíamos podido seguir vendo o longametraxe porque se había ido a luz por mor dun cortocircuíto.
20. Hasta que empezaron a sonar os primeiros acordes a xente non se percatou da presenza da improvisada orquesta.
21. Chegaron con cadansúa guitarra e lle pediron permiso para comenzar a tocar.
22. Habíamos chegado con tempo de sobra á boda.

B. Corrixe e clasifica as diferentes desviacións da norma que atopas no seguinte texto:

O segredario do comité orgaizador deu lectura ás bases do certame e eispricou o programa de aitos da sesión de homaxe ao insine esquirtor que soubo solucionar o conflito entre a Galiza rural e a Galiza urbán. A continuación o ilustre cadeirádego pronunciou unha conferencia que tiña por título “A esenza mítica da personalidade galega”. Falou do orgullo de sentirse protagonista da histórea e da ciencia que brila por riba dos ámetos da soma do silencio. Finaizou resomindo os capiduos máis importantes dos esquirtores da súa xerazón que son refrexo das máis admiradas virtúes humáns. Inespericablemente, o púbrico, facendo esceizoal demostrazón de aguante, permañeceu en silencio as dúas horas.

C. As seguintes formas son incorrectas. Corríxeas e tipifícaas:

Cencia	Suficiente
Encadenado	Recipiente
Corcho	Engaño
Eleitoral	Peine
Axeno	Aluno
Inconvinte	Aficionado
Condea	Coluna
Ambente	Probe
Espranza	Exemplo
Cerroxo	Acechar

D. Corrixe e sinala os hipergaleguismos e vulgarismos das seguintes oracións:

1. É un probe de esprito, pero a verdá é que ten dereito a sentirse orgulloso do outro significado da nova planificación urbán.
2. Dubido de que se dea resinado a seguir trabaxando na oficiña da gasoliñeira.
3. O segredario encargouse de orgaizar as actividades no barrio e mais na zoa, pero sería convinte axudalo, polo menos na primeira semán.
4. Tralas froles da primaveira veñen as frutas do vran.
5. É unha razón de seres humáns coma calqueira outra, e non un país de asasiños.
6. Era unha escea noitámbula surrealista: apoiada nunha columna clásica ía recheando con xabrón un badexo coa axuda dun pieite.

E. Sinala e corrixe os lusismos e arcaísmos das cláusulas seguintes:

1. Desta vegada non vou dar rematado o capítulo duodécimo desta novela.
2. Nasceu nesta casa; aínda se conserva a mobilia: Falesceu nunha cibdade.
3. É o propio povo quen ha poñer os medios necesarios.
4. Ouza, señor: Poderíame dicer por onde se vai para a facultade?

F. Responde ás cuestións 4 e 5 do texto 15 de *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, de Álex Alonso, no tema do Comentario crítico, páx. 11.

Entrada tolerada 7-11-2014

Como traballador do galego, preciso recorrer constantemente a dicionarios, gramáticas, bases de datos e outras ferramentas lingüísticas para aclarar as dúbidas que me xorden mentres vou redactando os textos que escribo. E con frecuencia case diaria levo sorpresas que me demostran a miña profunda ignorancia neste ámbito, no que todo cambia a un ritmo vertixinoso: falan da informática, pero a lingüística non lle anda moi atrás.

Buscando un exemplo próximo no tempo, hai unhas semanas publiquéi un artigo sobre os accidentes de tráfico, a propósito dun camión que se esnafrou contra a parede dunha vivenda no concello ourensán de Barbadás. De entrada, escribí que o camión quedara **empotrado** na casa ao saír despedido nun **badén** e **colisionar** cun turismo estacionado entre a cuneta e un talude, xa que a vía carece de **arcén**. De súpeto vin tanto vermello xunto que pensei que estaba sangrando polos ollos. Logo xa me decatei de que eran os avisos do procesador indicando que a metade das palabras que escribira non son correctas en galego.

Iso si, estrañoime ver que *talude* non a marcaba como incorrecta, e iso que era a que a min máis me facía desconfiar. Así que me mergullei nas procelosas augas do *Volga* e alí atopei que *talude* non aparecía como entrada correcta ou incorrecta, senón «tolerada». Aquilo suscitou a miña curiosidade (tamén o feito de que *cuneta* agora sexa unha palabra correcta, pois botei anos buscando sinónimos para ela, falando de temas tan dispares como os accidentes de tráfico ou a guerra civil), así que me puxen a rastrexar na procura doutros termos que levasen esa cacofónica etiqueta de «entrada tolerada», que soa máis a cinema que a lingua.

Como a ferramenta non permite xerar unha listaxe deste tipo directamente, tiven que ir metendo palabras ao chou, a ver a que categoría aparecían adscritas. Comecei por *récord*, que tamén formaba parte da información (Galicia ocupa a primeira posición no mundo en casos de camiós que estacionan na sala de estar das vivendas unifamiliares) e que eu sempre cambiaba por *marca*. Pois resulta que *récord* é unha palabra correctísima, nin sequera tolerada. Elevada ao olimpo pola vía rápida: todo un récord.

Outras palabras non tiveron tanta sorte, pero xa se poden usar, aínda que sexan «pouco recomendables» (ao ler esta expresión non puideron evitar imaxinar unha palabra agochada nunha esquina, ofrecéndolles droga aos monosílabos que pasaban por alí, ou facéndolles proposicións indecorosas ás **cachondas** do tipo *axóuxere*, *agarimo* ou *bolboreta*).

Así, atopei que agora, grazas á tolerancia de alguén (esa é outra, quen decide estas cousas?), xa se pode dicir *bombilla* en galego, e non só *lámpada*, como antes. É dicir, elimínouse para sempre a ambigüidade de

chegarmos á *ferretería* (tamén tolerada, pero mellor *ferrexería* ou, xa para os sibaritas, *ferraxaría*) é dicir que estamos buscando «unha lámpada para lle poñer á nosa lámpada». Busquei tamén *camelio*, por se agora era posible gabarnos de ter «un camelio cheo de camelias», pero esa non coou: *camelia* segue a ser tanto a árbore coma a flor, cos potenciais equívocos (ningún deles mortais, tamén hai que dicilo) que iso pode ocasionar.

Seguín coa miña pescuda, e descubrín que xa se pode empregar *xove* en referencia ás persoas que xa superaron a infancia pero non chegan á idade adulta. É dicir, *xove* xa non é só un concello de Lugo, e *xoves* xa non é só un día da semana. E podemos escribir «o xove rei» en lugar de «o novo rei», sen ter que aclarar despois se se trata dun rei de curta idade ou se acaba de ser nomeado.

Pero dentro desta listaxe de palabras toleradas, a que máis me alegrou atopar foi *desfrutar*, logo dunha vida enteira poñendo *gozar* en todos os contextos de uso deste verbo. Por fin poderei aclarar que os alumnos *desfrutaban* coas explicacións do profesor, e non que *gozaban*, o que lle daba ao asunto certo aquel de falso erotismo.

Así que xa non me molesto máis en buscar substitutos para dicir, por exemplo, «procedeuse á derruba do galpón edificado ilegalmente no entorno da finca da Marquesa», «non se **averiguou** aínda quen meteu un loro vivo no **buzón** da **peluquería recién** inaugurada», «o cociñeiro **deslumbrou** co seu **rape** á **parrilla** en salsa de **chipirón**», «o deterioro dos **botiquíns** provocou o relevo e o despido de varios operarios do **turno** de noite» ou «as vendas en **taquilla** do grupo **teloneiro** obrigaron a **replantexar** o reparto do aforo no pavillón». Sei que unha alma caritativa (e tolerante) axiña dará estas palabras por boas; só é cuestión de agardar.

(As consultas das que falo están realizadas o 1 de novembro de 2014. Achego esta información porque non é descartable que desde entón deica a data de publicación poidan producirse cambios que alteren os contidos deste artigo.)

Héctor Cajaraville, *De remate*. Xerais, 2015.

Cuestións:

1. **As formas en negriña son interferencias, de que tipo? Daquela, cales son as formas correctas? Cales destas interferencias coidas que poden ser acollidas como préstamos de necesidade? E por que?**

2. **O texto é un exemplo dos cambios lexicais que afectan á norma do galego. Consideralos necesarios ou pensas que son excesivos? Xustifica a resposta.**

3. **Realiza un comentario arredor da presenza de neoloxismos como medio de modernización lingüística ou pola contra de disolución dunha lingua minorizada noutra hexemónica. [Extensión aproximada 200-250 palabras].**

Anexo 1. Tema 2. Fraseoloxía¹

1. **á boa de Deus* (ao que saia, á vaiche boa)
2. **a capa e espada* (con uñas e dentes)
3. **afogar as penas* (matar as penas)
4. **a grandes rasgos* (a grandes liñas)
5. **a palabras necias, oídos xordos* (orneadas de burro non chegan ao ceo)
6. **armarse de valor* (coller folgos, coller azos...)
7. **así calquera* (madía leva)
8. **a trancas e barrancas* (a treco, a eito, dando tombos...)
9. **á vellez viruelas* (de vello, gaitero)
10. **borrón e conta nova* (morra o conto, non se fale máis)
11. **cada ovella coa súa parella* (cada tal co seu igual)
12. **cara de poucos amigos* (cara de ferreiro)
13. **de tal palo tal astilla* (de tales pais, tales fillos; fillo de porco, marrán seguro...)
14. **dime con quen andas e direiche quen es* (dime con quen vas e direiche que fas)
15. **en boca cerrada non entran moscas* (non hai mellor palabra ca a que está por dicir)
16. **en todas partes cocen fabas* (en todas partes hai cans descalzos, toda a terra éche país)
17. **estar en Babia / estar nas Batuecas* (estar na verza, estar nas patacas...)
18. **facer o ganso* (facer o parvo, pintar a mona)
19. **facer castelos no aire* (poñer o carro diante dos bois)
20. **falar polos codos* (botar a lingua a pacer, falar sen cancelas...)
21. **irse da lingua* (botar a lingua a pacer, falar de máis...)
22. **nin fu nin fa* (non arre nin xo)
23. **(non)importar un bleado* (non importar unha figa, non importar un carallo)
24. **non ter oficio nin beneficio* (non ter lume nin casa, non ter leito nin teito)
25. **o meu gozo nun pozo* (alá vai a festa!)
26. **pasar polo aro* (ver ao rego)
27. **por si as moscas* (polo si ou polo non)
28. **por suposto* (non que logo)
29. **quen se pica allos come* (cando as pitas cacarexan, algo senten...)
30. **que te aguante túa nai* (quen te fixo que te ature, quen te pariu que te lamba)
31. **¡que te zurzan!* (que che dean!)
32. **saía o sol por onde queira* (por min que chova)
33. **saír o tiro pola culata* (saír as contas furadas, saír a porca capada, saír a galiña choca, saír o can cadela...)
34. **saír por peteneras* (mexar fóra do testo, falar do xato e esquecer o trato)
35. **sen comelo nin bebelo* (sen o cheirar, sen entrar nin saír)
36. **sen rechistar* (sen protestar, sen dar chío)
37. **ser un bendito* (ser un xan –xanciño-...)
38. **ser un don nadie* (ser un ninguén, ser un ninguén de ningures)
39. **ser un lince* (ser agudo coma un allo)
40. **sin ton nin son* (ás toas, ao tolo, de calquera maneira...)
41. **ter a sartén polo mango* (ser quen corta o bacallau)
42. **¡toquemos madeira!* (meigas fóra!)
43. **unha de cal e outra de area* (unha a tortas e outra a dereitas)
44. **vai freír espárragos; vai facer gárgaras* (vai capar o grilo, vai á merda...)

Bibliografía:

Diccionario de fraseoloxía galega, Carme López Taboada e M^a Rosario Soto Arias. Xerais
Diccionario fraseolóxico galego. Edicións A Nosa Terra
Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua, Xosé Graña Núñez. Ir Indo
http://www.xunta.es/linguagalega/fraseoloxia_na_rede

¹ O asterisco e a letra cursiva recollen a frase errónea.

Anexo 2. Tema 2. Expresións latinas. Latinismos

- **A posteriori** (*desde o seguinte, o que vén despois; con posterioridade*): Dise do coñecemento obtido da experiencia e tamén do razoamento indutivo (do efecto á causa).
- **A priori** (*desde o anterior; con anterioridade*): Dise do coñecemento independente da experiencia. Tamén do razoamento dedutivo (que vai da causa ao efecto).
- **A. M.** (*ante meridiem*): Abreviatura que significa “antes do mediodía”.
- **Ab aeterno** (*desde toda a eternidade*): Desde sempre.
- **Ab initio** (*desde o principio*): No comezo.
- **Ab intestato** (*sen testamento, sen testar*). Moi frecuente na linguaxe xurídica.
- **Accésit** (*chegou preto, achegouse*): Dáse este nome a quen, sen chegar a obter o premio nun certame, é galardoado por presentar unha obra cuns méritos próximos á premiada ou a un hipotético primeiro premio.
- **Ad hoc** (*para isto, a propósito*): Dise dunha cousa ou acción que convén a un determinado fin. Adrede.
- **Ad hominem** (*ao home*): É o argumento con que se confunde o adversario servíndose das súas propias palabras ou accións.
- **Ad interim** (*interinamente*): Provisoriamente.
- **Ad libitum** (*a capricho*): Libremente, a vontade.
- **Ad litteram** (*literalmente*): Palabra por palabra. Co mesmo significado empregamos tamén **ad pedem litterae** (*ao pé da letra*).
- **Addenda** (*que se debe xuntar ou acrecentar*): Suplemento.
- **Agenda** (*o que debe ser feito*): Caderno onde se apuntan as cousas que cómpre facer, así coma os enderezos de interese, os números de teléfono, etc. Relación ordenada e exhaustiva dos asuntos que se van tratar nunha reunión.
- **Álbum** (*lista, rexistro, táboa en branco*): Caderno disposto para reunir coleccións de fotografías, selos, etc.
- **Alia iacta est** (*a sorte está decidida*): Emprégase cando se adoita tomar unha decisión importante.
- **Alias** (*doutra maneira*): Emprégase diante dos alcumes significando “coñecido tamén co nome de”.
- **Alma mater**: (*nai nutricia*): Os latinos daban este nome ás deusas Ceres e Venus. Posteriormente aplicouse á patria e hoxe dise das universidades como nais que alimentan o espírito dos estudantes.
- **Alter ego** (*outro eu*): Persoa en quen se deposita confianza.
- **Ave** (*saúde, bo día*): Saúde co mesmo significado que *salve*.
- **Ave, Caesar, morituri te salutant** (*Saúde, César, os que van morrer saúdante*): Palabras que os gladiadores romanos proferían diante da tribuna, antes de combater coas feras.
- **Campus** (*campo*): Espazo no que se concentran as edificacións universitarias. Este termo empregouse por primeira vez con este significado na Universidade de Princeton.
- **Carpe diem** (*aproveita o día presente*): Tópico literario que se emprega para sinalar a brevidade da vida e, xa que logo, o aproveitamento que debemos facer dela.
- **Cogito, ergo sum** (*penso, logo existo*): Principio en que Descartes fundou toda a súa doutrina filosófica establecendo a crenza na súa existencia polo mero feito de poder pensar.
- **Confer** (*compara, consulta*): É un imperativo latino empregado nas publicacións diante do nome do autor ou publicación para remitir á unha obra ou fragmento. Normalmente aparece abreviada (**cf. cf.**).
- **Consummatum est** (*rematou todo*): Foron as últimas palabras de Cristo na cruz segundo a *Vulgata* (tradución ao latín do *Evanxeo*). Emprégase para algo doloroso ou desastroso que xa non ten remedio.
- **Corpore in sepulto** (*co corpo sen sepultar*): Funeral que se celebra co defunto de corpo presente antes de ser soterrado.
- **Corpus delicti** (*corpo do delito*): Todo o que proba a existencia dun delito.
- **Cum laude** (*con eloxio, con loanza*): Dise normalmente do resultado dun exame, en especial dunha tese doutoral.
- **Curriculum vitae** (*carreira da vida*): Historial ou méritos dunha persoa.
- **De facto** (*de feito*): Oposto a *de iure* na linguaxe xurídica. Indica que algo se ten producido de feito, aínda que non xuridicamente.
- **De iure**: Segundo a lei.
- **Déficit** (*falta*): O que falta, cantidade que falta, cantidade en que exceden os gastos aos ingresos.
- **Detritus** (*desgastado*): Resto da descomposición da materia orgánica. Tamén se aplica aos fragmentos de rocha desgastados pola erosión.
- **Dura lex, sed lex** (*a lei é dura, máis é lei*): Por máis severa que sexa unha lei, por máis rigorosa que sexa unha prohibición, debe acatarse e cumprirse desde o punto de vista da legalidade vixente, mais non desde o punto de vista da liberdade individual se esa lei atenta contra dita liberdade.
- **Ego** (*eu*): Empregado en filosofía e psicoloxía para referirse á individualidade de cada un.
- **Etcétera** (*e o restante*): Cando se interrompe o discurso indicando que nel se omiten cousas semellantes ás citadas.
- **Ex abrupto** (*bruscamente*): Utilízase cando un comeza a falar con arrebatado ou entusiasmo dunha maneira sorprendente sen que ninguén o espere.
- **Ex aequo** (*con igual mérito*): En concursos e competicións deportivas úsase para cualificar a dous concursantes que acadaron a mesma puntuación ou posto.
- **Ex cathedra** (*desde a cadeira*): Cando o Papa fala de dogmas dise que o fai *ex cathedra*, para mostrar que non se pode equivocar. Tamén se aplica ao que fala doutoralmente. Ironicamente, úsase cando unha persoa fala con énfase e quere impor os seus conceptos como infalibles.
- **Ex libris** (*de entre os libros*): Xorde a mediados do século XV co desenvolvemento da imprenta. Son divisas do posuidor do libro.
- **Ex professo** (*segundo a propia convicción, por profesión*): Aplícase ao que se fai con verdadeiro coñecemento de causa, con particular intención de o facer.
- **Facsimile** (*faino semellante*): Emprégase para as reproducións exactas dun debuxo ou escrito.
- **Factotum** (*faino todo*): Individuo que serve para realizar as máis diversas tarefas. Aplícase tamén á persoa entremetida que se presta a toda clase de servizos.
- **Grosso modo** (*a grandes trazos*): Indica que algo é aproximado, sen moita exactitude.
- **Habeas corpus** (*que dispoñas do teu corpo*): Nome dunha célebre lei inglesa promulgada no 1679 pola que se prohibía que se encarcerase a un cidadán sen orde do xuíz.

- **Hábitat** (*habita, mora*): Medio natural e contorna física en que habita un animal ou planta. Tamén se aplica ao conxunto de feitos xeográficos relativos á vida do home (hábitat rural, urbano...).
- **Honoris Causa** (*a título de honra, por mor do honor*): Aplícase a expresión doutor honoris causa para referirse ao grao de doutor que universidades outorgan sen necesidade de exames a persoas eminentes, en recoñecemento dos seus méritos.
- **Ibidem** (*ai mesmo*): No mesmo lugar. Significa que o que se cita é do mesmo libro ou do mesmo autor xa citados anteriormente.
- **Ídem** (*o mesmo, igual*): Emprégase para evitar repeticións.
- **In aeternum**: Para sempre para a eternidade.
- **In albis** (*en branco*): Emprégase para significar que non se entende nada de certo asunto.
- **In articulo mortis** (*no momento da morte*): No último momento da vida, na hora da morte.
- **In dubio pro reo** (*en caso de dúbida, a favor do reo*): Presunción de inocencia.
- **In extremis** (*en caso extremo*): No último momento.
- **In flagranti** (*en flagrante delito*): Coller a alguén cometendo normalmente unha falcatuada. *Coas mans na masa, co fociño no touciño, coas mans na meda...* Hai moias frases feitas para indicar que alguén é pillado no medio e medio de algo.
- **In pectore** (*no peito*): Reservada, intimamente. Dise dos cardeais que non son proclamados publicamente.
- **In situ** (*na situación*): No seu lugar de orixe; sen moverse.
- **In vitro** (*en vidro*): Refírese ás reaccións que, de modo experimental, se levan a cabo en probetas, tubos..., ou á fecundación artificial.
- **Ipo facto** (*polo feito mesmo*): Emprégase co significado de “inmediatamente”.
- **Iunior** (*o máis novo*): Os latinos utilizábano para diferenciar o fillo do pai. En certos deportes designa unha categoría inmediatamente anterior á *senior*.
- **Lapsus linguae** (*erro de lingua*): Utilizado para referirmonos aos erros da fala.
- **Lato sensu**: En sentido amplo, por extensión.
- **Magister dixit** (*díxoo o mestre*): Na Idade Media cando se expuña unha opinión de Aristóteles servía para indicar a súa irrefutabilidade; hoxe é empregada con ironía ante afirmacións ousadas de quen non ten autoridade suficiente.
- **Manu militari** (*con man militar*): Pola forza, sen contemplacións.
- **Mare Magnum** (*gran mar*): Confusión, barullo.
- **Maxime** (*sobre todo*): Utilízase para reforzar unha opinión co significado de “principalmente”, “con maior razón”.
- **Memorandum** (*o que cómpre recordar*): Nota na que se informa do ocorrido respecto dun asunto. Axenda de notas. Arquivo para referencia posterior. Debe empregarse a forma adaptada **memorando**.
- **Modus vivendi** (*maneira de vivir*): Acordo conciliatorio que permite que dúas partes enfrontadas poidan aturarse mutuamente.
- **Motu proprio** (*por vontade propia*): Aplícase ás bulas que o Papa concede sen llas ter solicitado. Por extensión, calquera acción que se leva a cabo de modo espontáneo, sen presións.
- **Mutatis mutandis** (*trocando o que cómpre trocar*): Emprégase para presentar como equivalentes cousas ou argumentos diferentes.
- **Nihil obstat** (*nada impide*): Expresión coa que o censor afirma que un libro relixioso non contén doutrinas contrarias á ortodoxia da Igrexa.
- **Numerus clausus** (*número pechado, cantidade limitada*): Aplícase ao número limitado de persoas que poden ser admitidas nun lugar ou cargo, por exemplo nas facultades ou escolas universitarias.
- **Omnia mors aequat** (*a morte iguala a todos*). Tópico literario referenciado na morte igualadora.
- **Opere citato** (*na obra citada*): Soe aparecer nas notas ao rodapé para sinalar unha obra dun autor que xa foi citada anteriormente. Abreviase **Op. Cit.**
- **P.M. ou pm** (*post meridiem*): Abreviaturas empregadas co significado de “logo do mediodía”.
- **Per capita** (*por cabeza*): Emprégase en estatística para sinalar un valor, bens, renda... por habitante.
- **Per se** (*por si só*): En si mesmo, esencialmente. De uso frecuente na linguaxe filosófica.
- **Post mortem** (*despois da morte*): Empregada na linguaxe médica e xurídica.
- **Princeps** (*primeiro, príncipe*): Era o nome que encabezaba a lista dos censos dos cidadáns. Falando de edicións de libros, a primeira edición impresa é a *editio princeps*.
- **Quid** (*que, que cousa*): Motivo, razón de algo.
- **Quórum** (*dos que, dos cales*): É a abreviatura da frase latina *quorum praesentia sufficit* (“a presenza dos cales é suficiente”). Número necesario de asistentes ou integrantes dunha corporación ou órgano para que este poida constituírse e tomar decisións.
- **R.I.P.** (*descanse en paz*): Abreviatura de *requiescat in pace*, frase do oficio de defuntos, que adoitan ser gravadas nas tumbas.
- **Referendum** (abreviatura da expresión *ad referendum*, “para consultar”). Plebiscito, consulta ao conxunto da cidadanía dun Estado sobre unha proposta de goberno. Hoxe aconséllase o uso da forma adaptada **referendo**.
- **Senior** (*o maior*): Oposto a *iunior*.
- **Sic** (*así*): Adverbo latino que se coloca entre parénteses nas transcripcións de textos para indicar que figura así no orixinal.
- **Sine die** (*sen data*): Aplícase aos actos que se suspenden sen marcar unha data determinada para o seu reinicio.
- **Sine qua non** (*sen a cal non*): Condición indispensable. É unha expresión moi frecuente nos antigos tratados de lóxica.
- **Statu quo** (*no estado actual*): Frecuente na lingua política, úsase para sinalar o estado no que algo permanece.
- **Sui Generis** (*de xénero propio*): Que é moi especial.
- **Summun** (*o máximo*): O remate, o cume. Que ten unha calidade no máis alto grao.
- **Superávit** (*sobra*): Emprégase cando os ingresos superan os gastos.
- **Ultimatum** (*declaración final*): Úsase na linguaxe diplomática, política e militar para aceptar ou non unhas condicións dentro dun prazo establecido. Coloquialmente significa: último aviso, última oportunidade. Debe empregarse a forma adaptada **ultimato**.
- **Urbi et Orbi** (*á cidade e ao mundo*): Dise da beizón papal que non é só para Roma, senón para todo o orbe: tamén é empregado co significado de “aos catro ventos”.
- **Vademecum** (*camiña comigo*): Libro manual de consulta frecuente. Prontuario.

Tema 3. O galego lingua en vías de normalización.

A coexistencia de varias comunidades lingüísticas² dentro dun mesmo marco político-económico provoca frecuentemente que unha das linguas adquira o rango de **hexemónica** (a promovida e privilexiada polo poder), fronte á outra, ou outras, **as minorizadas**. Estas están, na maior parte dos casos, ameazadas por **procesos de substitución** e só políticas lingüísticas decididamente **normalizadoras** poden evitar a súa desaparición.

A situación minorizada do galego é unha constante desde o inicio dos Séculos Escuros ata hoxe. O final da ditadura e a actual Constitución abriron a posibilidade de impulsar certas políticas normalizadoras que, á vista dos estudos científicos máis recentes, non son suficientes.

A situación sociolingüística actual de Galicia xa non se describe só como unha **situación diglósica**, xa que o galego está a vivir un proceso de **normalización lingüística** confrontado co **proceso substitutivo**.

1. A evolución da conciencia lingüística.

A tensión entre os procesos de substitución e de normalización mostran abertamente factores favorábeis a favor do galego e desfavorábeis para a normalización do mesmo:

a) **Favorábeis:** o galego é lingua propia de Galicia, cooficial (presente no sistema educativo e na Administración), empregada habitualmente pola metade da poboación, presente en todas as capas sociais, existen medios de comunicación en galego, ten presenza significativa nas novas tecnoloxías...

b) **Desfavorábeis:** a maioría da poboación galegofalante pertence aos tramos de maior idade, a presenza do galego como lingua habitual nos núcleos urbanos é cada vez menor, a cooficialidade é restrinxida, o ensino en galego bate constantemente con certos sectores urbanos contrarios ao mesmo, hai unha simbólica pero forte actitude desgaleguizadora por parte daqueles sectores sociais máis visibles e poderosos que exercen unha constante presión fronte aos pequenos avances normalizadores cun discurso galegofóbico que procura fomentar o monolingüismo en castelán, importantes sectores da burguesía e da igrexa católica e moitos medios de comunicación seguen a manter prácticas lingüísticas que dificultan o prestixio do galego.

1.1. Pasado e presente³

No longo período do galego medieval (uns sete séculos) transcorre máis da metade da vida do noso idioma, superando os cinco séculos do galego medio e moderno. É na época medieval que o galego vive en plena normalidade como lingua común e única de Galicia, mentres que os cinco séculos do galego medio e moderno conforman unha etapa de anormalidade, o que nos leva a concluír que o galego viviu ao longo da súa historia máis tempo como lingua de uso normal e non minorizado.

² A variabilidade das fronteiras políticas é unha constante da historia. Os procesos de secesión e unificación, de colonización e de emancipación sucédense asiduamente.

Todo estes procesos obedecen a intereses económico-políticos que, xeralmente, non consideran a existencia de comunidades lingüísticas e culturais diferenciadas. A consecuencia é:

- a) Varias comunidades lingüísticas nun mesmo estado.
- b) Comunidades lingüísticas distribuídas en distintos estados.
- c) Comunidades afastadas dos seus lugares de orixe.

Cómpre pois distinguirmos entre **comunidade lingüística** (aquele grupo humano que emprega -ou ten como propia- unha mesma lingua) e **entidade política**.

³ Adaptación tirada do libro *Lingua galega: normalidade e conflito* de Xosé Ramón Freixeiro Mato.

Isto demostra claramente, salvo naqueles sectores negacionistas da súa historia ou con prexuízos sociais ou simplemente por ignorancia, que o galego é unha lingua válida para todos os usos sociais e para as máis refinadas manifestacións do espírito, así como válida tamén para estar presente no concerto peninsular, en Europa e no mundo. Porque, cando o galego era a lingua única de toda a poboación galega, converteuse en lingua lírica peninsular, ocasionalmente utilizado fóra da Península, gozando de recoñecemento e prestixio, e servindo de vehículo a un corpus poético de primeira magnitude no conxunto da creación literaria universal, hoxe estudado e valorado en todo o mundo; alén disto, a Galicia medieval, monolingüe en galego, alcanzou unha proxección europea como non volverá ter no futuro, converténdose Santiago de Compostela na capital cultural e espiritual de Occidente.

Á vista disto, como se pode seguir afirmando que o noso idioma é un obstáculo para os galegos estarmos presentes na Península e en Europa. Cando foi Galicia máis europea e universal que polo século XII ou XIII? Fronte a esta realidade da Galicia monolingüe medieval, que proxección exterior tivo e que achegas fixo á humanidade a Galicia dos séculos escuros, tendo como tivo como única lingua oficial o castelán, mentres o seu idioma ficaba sumido na desconsideración social e os seus falantes eran vítimas dun progresivo complexo de inferioridade? Que escritores galegos do XVI e XVII destacaron, aínda que fose na lingua dominante? Non estivo no drama social da emigración a maior proxección exterior que a Galicia do XIX alcanzou da man de Rosalía, Pondal e Curros, tendo tamén como única lingua oficial o castelán? Que pode achegar á humanidade unha Galicia submisa e calada, incapaz de facer ouvir a súa voz no seu propio idioma?

Galicia, como nos ensina a historia da nosa lingua, cando foi desposuída do uso digno do seu idioma e se lle fixo sentilo como inferior, acabou avergoñándose de si mesma e terminou por emigrar, sumida na miseria. Por iso hoxe máis que nunca cómprenos aos galegos recuperarmos o orgullo e a dignidade da nosa lingua e con el o de sermos galegos; de non o facermos así, non só corre perigo o idioma, senón tamén o futuro de Galicia como pobo diferenciado e o dos galegos como persoas dignas, libres e prósperas. A boa saúde da lingua galega será, pola contra, o mellor síntoma de prosperidade cultural e material dos galegos. As mil primaveras máis que Cunqueiro pedía para o galego han ser garantía de pervivencia e o progreso de Galicia no terceiro milenio.

1.2. O galego lingua minorizada, non minoritaria.

Desde o punto de vista da demografía sociolingüística convén non confundir:

a) Lingua minorizada: é un concepto cualitativo e relativo á súa funcionalidade social: quen, como e cando se emprega.

b) Lingua minoritaria: é un concepto cuantitativo: cantas persoas, que porcentaxe da poboación a usa.

Entre un e outro concepto non hai unha relación biunívoca: unha lingua maioritaria pode estar minorizada, unha lingua minoritaria pode ser **hexemónica** (pode ser o caso de galego e castelán en Galiza, ao longo da historia).

2. O galego lingua en vías de normalización.

O proceso que conduce á revitalización da lingua minorizada (e que pode evitar a súa extinción) é complexo e coñécese co nome de **normalización lingüística**, proceso que debe levar á expansión do seu uso social. A lingua debe ter acceso a calquera ámbito (especialmente importantes serán as institucións, a escola, os medios de comunicación e as actividades comerciais e lúdicas máis “modernas”). Iso significa que os seus falantes poidan ter acceso a eses estamentos, sen ter que renunciar á súa lingua. Trátase polo tanto dun

obxectivo defendido polo **ecoloxismo lingüístico**, mediante a **promoción e a planificación da súa adquisición** (para incrementar o número de usuarios e mellorar a calidade do seu uso). Para iso é importante:

- A súa **oficialización**: todos o seus usos deben ter amparo e validez legal.
- O aumento do seu **prestixio**: a visualización da lingua nas actividades superiores da vida social mellorará o seu prestixio e estimulará o seu emprego nesas funcións das que fora excluída. A necesidade do seu coñecemento para o acceso á administración e a postos laborais ben considerados alentará a súa adquisición de aí a importancia da **normativización** (é dicir da adaptación do propio instrumento lingüístico para que cumpra satisfactoriamente as novas funcións).

Non se trata só de frear a deserción da lingua dominada, senón tamén de incorporar progresivamente a ela os grupos que a abandonaran. Ao tempo, procúrase ampliar a competencia lingüística duns e outros.

Na situación de minorización en que se encontra a lingua galega, o inmovilismo suporía a súa substitución polo castelán. Velaí que a única solución posíbel sexa incentivar un claro proceso de recuperación orientado en dous sentidos: a normalización e a normativización.

De aí que a **expansión funcional do galego** e as **dinámicas da súa dignificación** como lingua foran, desde o Rexurdimento, froito de **accións colectivas non institucionais** ou de **accións individuais**, frecuentemente desenvolvidas fronte a un poder político-económico absolutamente hostil.

Historicamente, tres son os factores básicos que distinguimos como **elementos activos que inciden no proceso de normalización**:

a) **A acción institucional** da comunidade, materializada a través do poder político, que deberá proporcionar por medio dunha determinada **política lingüística**, a lexislación, as medidas e o apoio necesarios tendentes a favorecer o proceso de normalización lingüística. Estamos diante das **intervencións planificadas**, aquelas que habitualmente teñen un carácter oficial (caso da LNL ou o Decreto 2007 sobre o uso do galego no ensino).

b) **A acción colectiva non institucional** daqueles individuos que posuíndo unha **conciencia lingüística** se agrupan para pular pola marcha dese proceso normalizador (AFNL, MNL...).

c) **A acción individual**, asentada na vontade de ser das persoas que forman a comunidade lingüística, sen esta vontade o proceso normalizador nunca se poderá levar a cabo. Que pode facer un individuo pola lingua propia da súa comunidade?: **USALA**.

Estes dous últimos factores corresponden a **iniciativas espontáneas** e non teñen carácter oficial. O cultivo literario dunha lingua é un exemplo típico de iniciativa espontánea, así como a súa oficialización o é de iniciativa planificada.

Neste sentido cobra especial relevancia o **neofalantismo**. En efecto, o futuro do idioma pasa por dito neofalantismo, froito da conversión lingüística no marco da condición de **neofalante**, caracterizado por ser unha persoa urbana, nova, competencialmente bilingüe e con acceso a estudos superiores, que aprendeu a falar en castelán e a partir dalgún acontecemento clave na súa vida, como os estudos, as amizades, a parella, o traballo, o desprazamento espacial, toma a decisión de mobilizar a súa práctica lingüística cara a un uso maioritario (ou exclusivo) do galego, lingua aprendida fóra da contorna familiar.

O **marco lexislativo** actual (ver **anexo 1**) facilita que, por primeira vez desde o inicio do proceso de substitución, haxa unha **acción institucional normalizadora**, porén os avances cífranse na **oficialización** e nunha limitada ampliación funcional.

A **Constitución**⁴ e o **Estatuto** sinalan o galego como lingua **cooficial** (xunto co castelán). A consideración de oficial é unha cuestión legal e significa que:

- a) Todo acto ou documento realizado nesa lingua ten valor legal e xurídico.
- b) O cidadán ten pleno dereito a elixir a lingua da súa preferencia para dirixirse a administración.
- c) En última instancia, ninguén pode ser discriminado negativamente por razóns de lingua.

No entanto, trátase dunha **cooficialidade territorial ou oficialidade restrinxida** que segue o modelo baseado na opción individual e territorial.

O **Estatuto** e a **Lei de Normalización Lingüística**, recoñecendo “o **galego como lingua propia de Galicia**”, van máis alá e establecen a obrigación para os poderes públicos galegos, de favorecer e promover o uso da lingua en todos os ámbitos.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A actuación destes, desde a Xunta ata a maioría dos concellos, é obxecto dunha avaliación crítica por parte daqueles sectores máis comprometidos co idioma (MNL, AFNL, ProLingua, Queremos galego).

Con todo, a oficialización é un paso necesario pero non suficiente para unha normalización plena. Os dereitos legais non sempre se corresponden cos dereitos reais. Deste xeito, a falta de información, o mantemento de inercias diglósicas, a ambigüidade interesada en moitos centros de poder político e económico, son obstáculos importantes para lograr unha normalización efectiva.

Deste xeito vemos que na maior parte da administración, no propio sistema educativo, no mundo da empresa, nos medios de comunicación e, en xeral, en todos os ámbitos de uso que tradicionalmente lle foron hostís ao galego, a presenza do noso idioma segue sendo moi escasa, malia creación dos **Servizos de Normalización Lingüística (SNL)**, para asesorar, formar e dinamizar.

O *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* aprobado en 2006 (e referendado polo Parlamento en 8-10-08) diagnóstica unha difícil situación do galego e recoñece a insuficiencia das medidas adoptadas nos dous últimos decenios.

As políticas para poñer en valor económico o coñecemento de ambos os idiomas foron tímidas e pouco eficaces: mentres o coñecemento do castelán é un imperativo legal, social e económico, non sucede igual co coñecemento do galego. A revisión que o actual goberno da Xunta está facendo da política normalizadora (baseada na falacia do bilingüismo harmónico e agora cordial) dos último vinte anos non parece que vaia na dirección de potenciar o coñecemento e uso do idioma.

⁴ 1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. (Constitución, artigo 3) [Ver anexo 1]

Textos e actividades [TEMA 3]

Texto 1

Durante o noso traballo démonos conta de que hai moitos nenos entre 6 e 12 anos que non saben falar galego. Non é que o saiban máis ou menos, ou que teñan unha actitude máis ou menos positiva. É que non saben porque non llelo aprenderon nin na casa nin na escola. Isto non se escoita en ningures pero, crédeme, eu sei. E se algo teñen os cativos é capacidade de comprender. Sería triste que os grandes decidíssemos por eles que saber galego é un coñecemento prescindible, no que non é necesario chegar á excelencia ou quita tempo para outras cousas. O coñecemento sempre suma e é o coñecemento e non o descoñecemento o que nos fai libres. Só quen sabe pode escoller. Todos estamos de acordo na total capacidade dos nosos nenos para falar en galego, en castelán, en inglés e en calquera das linguas que lles queiramos aprender... Pois aprendámoslles, de verdade.

Belén Regueira. *Discurso como gañadora do premio Mestre Mateo á mellor comunicadora de 2008.*

Cuestións:

1. *Que situación denuncia a xornalista e presentadora neste discurso?*
2. *Segundo Belén Regueira, cales son as causas disto?*

Texto 2

Parábola do caixeiro automático

Cada vez que utilizas o caixeiro automático, a máquina diríxese a ti en castelán. Dáche a opción a mudar de lingua, por suposto: galego, inglés, francés. Pero a apelación primeira da máquina, a actuación programada, é en castelán, que se converte deste xeito en lingua de referencia dende a cal se establece a pauta dominante e, en certa maneira, as regras do xogo (e de relación). Esta foi e segue a ser a política lingüística que se estableceu e que se acepta respecto do galego: o cidadán galegofalante, que aínda segue a ser demograficamente maioritario no país, ten que pulsar o botón da máquina, esixir os seus dereitos, exercer activamente a súa consciencia lingüística para ser atendido como tal. Se non o fai, por preguiza, por timidez, por falta de pulo ou simplemente porque o seu uso da lingua non está ideoloxizado nin é unha práctica militante, a máquina actúa automaticamente dende o castelán e anula o galego.

Así foi sempre. Certo que, agás situacións moi determinadas ou períodos históricos moi concretos, nunca houbo prohibición expresa contra a lingua galega. Mentres ficase reducida a desafogos líricos ou ao mundo das aldeas, non pasaba nada. O problema xorde cando a lingua do país reclama a condición de lingua de referencia no caixeiro automático.

Pregúntalle á autoridade: En que idioma se vai expresar vostede diante da cidadanía? E a autoridade responde: "Segundo me interparen. Cando o cidadán se dirixa a min en galego, usarei o galego. Cando o cidadán se dirixa a min en castelán, usarei o castelán". Correcto. Mais, e cando vostede se dirixa directamente ao cidadán; cando sexa a autoridade quen como tal autoridade fale; cando teña que programar a lingua primeira do caixeiro, en que lingua se dirixirá á cidadanía daquela?

Os meus fillos (galegofalantes) teñen un problema. O mundo todo diríxese a eles en castelán: dende as páxinas dos xornais, dende a inmensa maioría das emisoras de radio e de televisión, dende as ofertas todas de ocio, dende os mostradores dos bancos e dos comercios, dende a publicidade... Só nalgúns poucos espazos oficiais o galego está presente como lingua de referencia, conquista histórica da autonomía política, e aínda así case sempre como unha proclamación simbólica (litúrxica). Durante séculos, a gran masa galegofalante viviu e segue vivindo desta maneira: a lingua dos avós, a lingua que durante séculos era a súa lingua de uso normal, condenada aos espazos íntimos, secundarios (minorizados), cando non marxinais. Que esperabamos logo que pensase a xente do seu propio idioma? O noso ADN colectivo foi deseñado deste xeito. Mesmo agora, Para poder vivir con normalidade en galego debemos esixilo, quérese dicir: obrígasenos a que cada falante se converta nun militante ideoloxizado. Alguén pode dicir que estamos nunha situación normal?

Víctor Fdez. Freixanes. *La Voz de Galicia (15-03-2009)*

Cuestión: *Fai un comentario crítico sobre as ideas expostas no texto*

Texto 3

Mueren dos personas y un gallego

Cada certo tempo escoitamos nos medios de comunicación declaracións despectivas xa non só contra a nosa lingua e cultura, senón contra a condición diferencial galega en xeral, "tan diferencial que se ve que é mesmo nacional mesmo en quen nega". Pode virnos á cabeza, por exemplo, aquela portada da revista *Yo Dona*, de decembro de 2012, na cal a muller de Mariano Rajoy, Elvira Fernández, é loada como "directa, pasional y *nada gallega*".

Ben por ela! Imaxínade que a esta pontevedresa se lle notase que fose galega! Nada diso, ela é unha persoa culta, elegante, que sabe estar, que sabe dicir as cousas... En resumo, "*nada gallega*". Recórdame a unha rapaza da Barbanza que hai uns anos me espetou toda fachendosa, cun sorriso moitísimo maior que o do gato do País das Marabillas: "Cuando fui de viaje de fin de curso a Madrid no me notaron que era de Galicia, ¿sabes?".

Carlos Callón, *Galegocalantes e galego falantes (2017).*

Cuestións:

1. *Que tipo de prexuízo(s) se denuncia(n) no texto anterior?*
2. *En virtude do expresado no texto, como consideras a situación actual do proceso de normalización? Razona a resposta.*

Texto 4

“Queremos contratar, dunha maneira experimental, un profesor de inglés para que todos aqueles funcionarios do concello... **Hai que recoñecer que anque a nós nos gusta moito o castelán, pois o inglés que se impón un pouquiño a nivel mundial, por desgracia para nós porque tiña que ser o castelano; tiñamos que ter méritos máis que sobrados, pero a vida é como é, por tanto teño que decir que vou a contratar un profesor de inglés para todos aqueles funcionarios que teñan a ben, fóra do seu horario laboral, ¡eh..!, asistir a clase de inglés para que teñan nociós de inglés básicas e xa non tan básicas;** eso para os funcionarios da casa. E logo, vou ‘obligar’ a que a policía local teña o seu curso específico de inglés para que agora que nos internacionalizamos cada paso máis; e este é a novidade máis tal. Quero que todos os policías, pois polo menos sepan decir *hello* e por onde se vai para Monforte, pois aínda non temos postas as señales, e que cando vén un señor se lle pregunta en inglés que calquera dos policías locais de Lalín sepa facer unha referencia se lle preguntan por un monumento, se lle preguntan por unha dirección, o elemental, eso que se aprende en catro días, entón, bueno, habrá un curso para os funcionarios que queiran vir, e en un plan máis intenso, e haberá un minicurso para os policías locais...”

Declaración de Xosé Crespo, alcalde de Lalín, recollida *sic* de *Canal Deza*. Xaneiro de 2003

Cuestión: *Realiza un comentario do treito en negriña do texto.*

Texto 5

M.P. García Negro manifesta que “proclamar que hoxe o galego aínda é “maioritario” ou “hexemónico” ou é unha broma de mal *gosto* ou un lamentábel engano. Maioritario, onde?: nos usos primarios, nas palabras que leva o vento, en todo o repertorio de utilizacións marcadas pola distribución diglósica. Maioritario, en que institucións?: nos medios de comunicación, na Igrexa, na Xustiza, no ensino, na Universidade, na *rotulación* comercial, na correspondencia oficial, nas escrituras notariais, nos estadios de fútbol, nas *esqueles* funerarias, nas lápidas dos cemiterios, nas emisións radiais ou televisivas...? Onde? A utilización desta falsa noción quer ser adormecedora e desactivadora: se o galego é maioritario, a que mobilizarse por el?, a que se preocupar polo seu futuro?”

Vivimos, desde hai tempo, nunha situación de discriminación lingüística que nos últimos anos avanzou máis un chanzo tornándose mesquiña e falaz, posto que, xa non só se impón unha lingua foránea, senón que a falacia se estende máis para tentar pasar o verdugo por vítima, isto é, o español como a lingua desfavorecida neste conflito lingüístico. Entrementres estes argumentos sen sustento non eran máis que un ideario de asociacións marxinais que só representaban unha minúscula porcentaxe de poboación, a cuestión non pasaba de anecdótica. Porén, cando estes mesmos **argumentos se convarten nos ideais asumidos pola administración que impón a redacción dunha lexislación antigalega**, a situación muda notabelmente, en tanto que o anecdótico se converte en alarmante por constituír o **primeiro sinal do retroceso** no –lento– proceso de normalización da lingua galega.

Contra as morte das linguas. O caso galego (2014), **Miguel Moreira Barbeito**

Cuestións:

1. *Como nos é mostrada no texto a situación social da lingua galega?*
2. *Elabora un comentario argumentativo arredor do expresado no texto anterior.*

Texto 6

“Nunca foi a nosa unha lingua de imposición, senón de encontro; a ninguén se lle obrigou nunca a falar en castelán: foron os pobos máis diversos os que fixeron seus, por vontade libérrima, o idioma de Cervantes”

Juan Carlos I (*Discurso da Coroa co gallo do premio Cervantes*)

Cuestión:

1. *Analiza desde unha perspectiva diacrónica a tese defendida no discurso real ao respecto da expansión do castelán en Galicia.*

Vídeo:

Núñez Singala no vídeo *Escolle non escoller* reflexiona sobre as actitudes e o futuro do idioma. Podédelo ver en <https://www.youtube.com/watch?v=eEHu1oVdf2s>

1. *Fai unha síntese do seu contido e deseguido realiza unha exposición oral.*

Anexo 1. Tema 3. O galego e as leis. O marco legal

A apertura do proceso glotofáxico en Galicia e a conseguinte exclusión do idioma galego de calquera actividade oficial prodúcese pola vía dos feitos e sen que medie unha lexislación escrita que así o dite. A política de estranxeirización forzosa das institucións e da igrexa en Galicia facíao innecesario

SECULO XVIII. As primeiras leis.

No século XVIII iniciase a legalidade uniformadora en materia de educación e lingua. En Galicia iso só significa a confirmación dunha política de facto que se remonta a fins da Idade Media. As primeiras leis, neste sentido, arrincan de Filipe V (1683-1746), iniciador da dinastía borbónica. A aparición destas leis non é allea á circunstancia de que é neste reinado cando se produce o triunfo na guerra contra os territorios da Coroa de Aragón.

As leis uniformadoras dos Borbóns están dirixidas fundamentalmente cara ao catalán (dada a antigüidade do proceso asimilador en Galicia, aquí eran, en certa medida, innecesarias) e esta vai ser unha característica na inspiración da política lingüística do estado ata hoxe: sexa represora ou tolerante, a política lingüística do estado fixa o seu horizonte principal en Cataluña.

De 1707 é o primeiro **Decreto de Nueva Planta**. De 1715, o segundo.

“He juzgado por conveniente /.../ reducir todos mis reynos de España a la uniformidad de unas mismas leyes, usos, costumbres i tribunales, gobernándose igualmente todos por las leyes de Castilla”

“En las Escuelas de primeras letras y de Gramática no se permitan libros impresos en lengua Cathalana: escribir ni hablar en ella dentro de las Escuelas y excepcionalmente aprendan la doctrina Christiana en nuestra lengua; que por estos y otros medios suaves se irá haciendo común en el Principado”

“Lo sexto se podría prevenir el cuidado de introducir la lengua Castellana en aquel Pais. La importancia de hacer uniforme la lengua se ha reconocido siempre por grande, y es señal de la dominación y superioridad de los príncipes o naciones ya sea porque la dependencia o adulacion quieren complacer o lisongear, afectando otra naturaleza con la semejança del ydioma; o ya sea porque la sugeccion obliga con la fuerza. Los efectos que de esta uniformidad se siguen son mui beneficiosos, porque se facilita la comunicacion y el comercio,; se unen los espíritos divididos o contrarios por los genios; y se entienden mejor las leyes y ordenes”. (Fiscal General del Consejo de Castilla, 1716)

De 1768, reinando Carlos III, é a **Real Cédula de Aranjuez**.

“Finalmente mando, que la enseñanza de primeras letras, Latinidad, y Retórica se haga en Lengua Castellana generalmente, donde quiera que no se practique, cuidando de sus cumplimientos la Audiencias y Justicias respectivas, recomendándose también por el mi Consejo á los Diocesanos, Universidades y Superiores Regulares para su exacta observancia, y la diligencia en extender el idioma general de la Nación para su mayor armonía, y enlace recíproco.”

No texto aparecen tres características que se repetirán inalteradas nas sucesivas leis sobre a mesma materia:

- A importancia que se lle concede ao ensino como factor decisivo na implantación do castelán.
- A xustificación en termos suaves (*armonía, enlace recíproco*) desta actitude hostil coas outras linguas.
- O uso do termo nación na súa acepción moderna e a imposición da *lingua nacional*.

SÉCULO XIX e inicios do XX.

Ao longo do século XIX sucédense disposicións prohibitivas para as linguas minorizadas e que afectarían a distintos ámbitos: ensino, lápidas funerarias, teatro...

A que se pode considerar primeira lei de Educación, a Ley Moyano (1857) di textualmente:

“La gramática y Ortografía de la Academia Española serán texto obligotio y único para estas materias en la enseñanza pública”

A CONSTITUCION DE 1931.

A constitución republicana de 1931 é a primeira lei que abre a posibilidade de recoñecemento dos dereitos dos falantes das lingua minorizadas, aínda que non completamente e reservando privilexios para o castelán:

“El castellano es el idioma oficial de la República. Todo español tiene la obligación de saberlo y derecho de usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de la provincias o regiones. Salvo lo que disponga en leyes especiales, a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional.”

“Las regiones autónomas podrán organizar la enseñanza en sus lenguas respectivas, de acuerdo con las facultades que se concedan en sus Estatutos. Es obligatorio el uso de la lengua castellana, y ésta se usará también como instrumento de enseñanza en todos los Centros de instrucción primaria y secundaria de las regiones autónomas. /.../ El Estado ejercerá la suprema inspección en todo el territorio nacional...”

O máximo teito lexislativo que chegou a acadar a lingua galega está recollido no Estatuto de 1936.

O FRANQUISMO

O franquismo supuxo unha volta á represión pura e dura das linguas minorizadas, sen que abunde un lexislación explícita (si cuestións como a súa prohibición na antroponimia, nos nomes dos barcos, etc.) ao respecto.

Ao final do réxime hai unha pequena viraxe. A “*Ley General de Educación*” de 1970 intenta un verniz de modernización, que establecendo o estudio da “*lengua nacional y la iniciación de una lengua extranjera*” admite a posibilidade de inclusión das “*lenguas vernáculos como materias opcionales*”. Esta posibilidade no tivo repercusión real en Galicia.

A ACTUALIDADE.

Hoxe os textos legais que regulan a materia lingüística en Galicia son, por orde xerárquica: a Constitución , O Estatuto e a Lei de Normalización Lingüística. Entre os tres configuran a máximo recoñecemento legal dos dereitos lingüísticos dos galego-falantes, coñecido ata agora, pero non unha total equiparación entre galego e castelán, pois prima o principio de **territorialidade** sobre o de **personalidade (individual)**. Vexamos algúns fragmentos.

A CONSTITUCIÓN (1978)

Artigo 3.

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

O ESTATUTO (1981)

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galegos e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA -1983- (Extractos)

TÍTULO I: DOS DEREITOS LINGÜÍSTICOS EN GALICIA

Artigo 1º

O galego é a lingua propia de Galicia.

Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e usalo.

Artigo 2º .

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 3º

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Os cidadáns poderán dirixirse a xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua

TÍTULO II: DO USO OFICIAL DO GALEGO

Artigo 4º

1.-O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

2.- Tamén o é o castelán como lingua oficial do Estado

Artigo 6º

1.- Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos Administración Pública Galega non ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2.- As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3.- Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

4.- A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas na Lei

Artigo 7º

1.- No ámbito territorial de Galicia, os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas lingua oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza

2.- As actuacións xudiciais en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.

3.- A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administracións de Xustiza

Artigo 8º

Os documentos públicos outorgados en Galicia poderanse redactar en galego ou castelán. /.../

Artigo 10º

1.- Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

2.- Corresponde á Xunta a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas

será determinado polo Concello correspondentes.

3.- Estas denominacións son legais a todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas. /.../

Artigo 11

2.- Nas probas selectivas que se realicen para o acceso da Administración Autónoma ou Local considerarase entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se ponderará para cada nivel profesional.

3.- Na resolución para prover os postos de maxistrados, Xuíces, Secretarios Xudiciais, Fiscais e tódolos funcionarios ó servizo da Administración de Xustiza, así como Notarios, Rexistradores da Propiedade e Mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego.

TÍTULO III. DO USO DO GALEGO NO ENSINO

Artigo 12º

1.- O galego como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial de todos os niveis de ensino

Artigo 13º

1.- Os nenos teñen o dereito a recibi-lo primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito

2.- As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino

3.- Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón de lingua /.../

Artigo 14º

1.- A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en todos os niveis educativos non universitario.

3.- As autoridades educativas /.../ garantirán que ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, que os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Artigo 15º

1.- Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.

TÍTULO IV: DO USO DO GALEGO NOS MEDOS DE COMUNICACIÓN

Artigo 18º

1.- O galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos á xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.

TÍTULO V. DO GALEGO EXTERIOR

TÍTULO VI. DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E A FUNCIÓN NORMALIZADORA

Artigo 25º

O goberno galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar exencións reducións ou exencións das obrigas fiscais.

Disposición adicional

Nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega.

Esta normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego.

Tema 4. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

Ata mediados do século XIX, o proceso de substitución avanzou e consolidou a expansión vertical do castelán (castelanización das clases dominantes), sen que a sociedade galega articulara movementos organizados de resistencia.

Co Rexurdimento aparecen os primeiros grupos organizados que inician a actividade normalizadora do galego. Perfílese así no século XX unha situación de conflito lingüístico, definida por dous movementos de signo contrario: **o da substitución** (tendente a estender o uso do castelán para convertelo en lingua única, estimulando o abandono do galego) e o da **a normalización do galego** (propón non só a conservación do idioma, senón tamén a recuperación dos usos que lle foran retirados).

No primeiro terzo do século XX, o galego segue a ser a lingua absolutamente maioritaria (ao ser a demografía maioritariamente rural) e incrementa vigorosamente o seu uso na función cultural grazas a iniciativas privadas (as institucións do Estado e a Igrexa non lle prestan ningún apoio), pero segue sendo unha lingua sen prestixio social, a non ser nos ilustrados círculos galeguistas.

O castelán segue sendo a lingua exclusiva na función institucional e vai ampliando o seu uso fóra da esferas do poder; e ao abeiro da industrialización e urbanización consolida a súa posición como lingua dominante.

A expansión do castelán.

No primeiro terzo do século XX, o proceso de glotofaxia non se detén. Antes ao contrario:

a) Os cambios socioeconómicos non traen consigo unha modificación do esquema diglósico. O ascenso da burguesía a clase social dominante reproduce a situación anterior, xa que a burguesía galega ou é de procedencia foránea, ou está moi castelanizada.

b) O castelán vaise estendendo entre a poboación urbana. É o segundo estadio da glotofaxia, o estadio horizontal, no que a marca non será tanto o grupo social, como o parámetro cultura urbana / cultura rural. Só o raquitismo das cidades galegas impide que o seu peso relativo sexa maior.

c) Toda a actividade institucional e escolar (dependa do Estado ou da Igrexa) é en castelán.

d) A emigración segue sendo unha pandemia que desangra a poboación rural e polo tanto galegofalante

Por todo iso, o número de falantes descende, a base social da diglosia amplíase e a práctica monolingüe en galego mingua. Medra o bilingüismo substitutivo.

O camiño da normalización

As **Irmandades da Fala**, como movemento que aglutina toda a enerxía galeguista, fixan, dentro dun amplo programa de rexeneración colectiva, as liñas básicas da normalización:

a) O galego é elemento esencial na configuración da identidade nacional. É un ben e dereito colectivos.

b) A autoesixencia de empregalo en todo tipo de actividade.

Consecuentemente, o galego convértese no soporte para todo tipo de actividades: a poesía e a prosa, o xornalismo e a ciencia, o mitin e a conferencia, a investigación ou a correspondencia privada.

A actividade galeguista non se concibe sen unha práctica constante en galego. O seu cultivo xa non se limita unicamente a brillantes individualidades literarias que pretenden dignificar o idioma cultivándoo poeticamente (como no Rexurdimento), senón que constitúen todo un movemento social organizado e orientado por unha elite intelectual que procura a normalización integral do idioma nos aspectos lingüístico, literario, científico e social.

As iniciativas culturais máis importantes desta época foron: as editoriais *Lar* e *Nós* (canle de modernización da cultura galega); as revistas *Nós* e *Arquivos* e mais o **Seminario de Estudos Galegos** (1923-36), este coa pretensión de galeguizar a Universidade. Dentro deste proceso normalizador tentarán impulsar o uso da lingua galega na escola, preparando unha serie de proxectos para a galeguización do ensino, como *A nosa escola* (1917) e *Os nosos problemas educativos* (1918) de Xoán Vicente Viqueira ou o *Plan pedagógico para a galeguización das escolas* (1921) de V. Risco.

Precisamente o sistema educativo é un dos principais instrumentos que utiliza o Estado para estender a lingua castelá. Porén, en Galicia este non tivo verdadeira efectividade ata a segunda metade do século XX, debido ao escaso nivel de escolarización dos rapaces galegos. Iso si, o pouco tempo que os rapaces estaban escolarizados non garantía un bo coñecemento do castelán, pero si que transmitía e reforzaba a distribución social das linguas, e que xa se vivía fóra dela.

A constitución do 31 e o Estatuto do 36.

A Constitución do 31 é o primeiro texto legal da historia de España que recoñece a pluralidade lingüística.

Ao abeiro dela, redáctase e apróbase o Estatuto do 36. Nel aparece condensada a política lingüística deseñada polo galeguismo desta época. As súas liñas básicas son:

- Cooficialidade do galego e o castelán.
- Potenciación do uso do galego.
- Introducción do galego no ensino, o que provoca que se dean os primeiros pasos na pedagogía normalizadora, a este respecto Josefa Vilarelle publica *Método de lectura en galego* (1932).
- Deber de coñecer o galego para os funcionarios que traballen en Galiza.

O Estatuto foi aprobado en plebiscito e sancionado polas Cortes da República, pero nunca tivo aplicación. A sublevación e o a ditadura franquistas interrompen toda a esta obra. Toda a actividade de recuperación e dignificación da lingua e da cultura galegas queda esnaquizada.

Cara á estandarización. O galego enxebrista

A necesidade de elaboración dun galego culto atópase sustentada na tradición nacida no Rexurdimento, na conciencia de que a fala popular está castelanizada e o galego debe caracterizarse fronte ao castelán e nas necesidades de modernización léxica creada polos novos usos acadados pola lingua.

Os resultados cífranse na simplificación ortográfica, no supradialectalismo e no extraordinario esforzo de modernización léxica coa creación de neoloxismos e a incorporación (adaptación) de numerosos préstamos. Nunca a lingua galega gozara de tal grao de enriquecemento desde a Idade Media.

Un dicionario e unha gramática son os obxectivos fundamentais da **Academia Galega** (constituída en 1906, so a presidencia de Murguía), pero non se conseguen. O Boletín que edita presta máis atención aos estudos literarios, artísticos e históricos ca os lingüísticos.

As iniciativas individuais (redáctanse varias gramáticas e vocabularios) tampouco conseguirán satisfacer as expectativas. Será a práctica dos propios cultivadores a que vaia fixando os modelos lingüísticos do galego culto. Con todo apareceron un *Vocabulario galego-castelán* (1926), colleita lexicográfica práctica e elemental, e o breve *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos.

A atención prestada aos estudos lingüísticos é escasa. Destaca Leandro Carré Alvarellos cun breve *Compendio de Gramática Galega*. A primeira gramática histórica do galego, *Elementos de gramática histórica gallega*, é obra de filólogo español Vicente García de Diego. Obra salientable é a *Gramática do idioma galego*, de Manuel Lugrís Freire, a primeira escrita en galego, que en boa parte adapta a de Saco e Arce.

Canto ás propostas para dotar ao galego dunha norma escrita unificada, salientar a Couceiro Freijomil (*El idioma gallego. Historia, Gramática, Literatura*) que publica en 1929 unhas bases para a unificación da ortografía galega e á sección de filoloxía do Seminario de Estudos Galegos con *Algunhas Normas pra a Unificazón do Idioma Galego*, 1932, e *Engádegas ás Normas pra a Unificazón do Idioma Galego*, 1936.

A esixencia de lograr un galego culto, claramente diferenciado do castelán (polo tanto depurado de castelanismos) e estilisticamente caracterizado fronte ao galego vulgar, conduciu a unha actitude de **diferencialismo extremo**, o que orixina un gran número de **hiperenxebrismos**.

O resultado foi un galego literario moi vizoso, que aproveitou a riqueza das falas populares sen caer nun excesivo dialectalismo, ben caracterizado como rexistro culto do galego popular, autónomo fronte ao castelán, instalado nun horizonte histórico e cultural máis amplo que o galego do século XIX. Este afán purista levounos en moitos casos a rexeitar formas galegas lexítimas, para substituílas por arcaísmos, lusismos, estranxeirismos, hipergaleguismos ou vulgarismos innecesarios

Características lingüísticas fundamentais

Os castelanismos non desaparecen, sobre todo os fonéticos (*lexos, parexa, anxel...*), aínda que son menos frecuentes (*carretera, Dios, rodillas, tela...*).

As normas impulsadas polo SEG presentan como aspectos máis salientables os seguintes:

Rexeitamento do *i grego* (*y*) e selección do *i latino* (*i*) para representar o fonema /i/ na marxe silábica (*grei, maio*).

Grafemas *ll* e *ñ* para a representación de /l/ e /ɲ/.

Elección de *x* para a representación do fonema /ç/.

Emprego do *h* segundo a etimoloxía (*hoxe, Hespaña; pero orfo, irmán*).

Mantemento de grupos consonánticos nas voces cultas (*apto, obvio*).

Abandono do apóstrofo e redución do uso do guión.

Plurais do tipo *animais* e *caravés* para as polisílabas agudas rematadas en- / no singular.


Estas escollas mantéñense, polo xeral, na norma culta, agás a última.

Conclusión

No primeiro terzo, a expansión do castelán continúa. Se non foi maior, debeuse ao escaso peso porcentual da poboación urbana. O bilingüismo social aumenta, dando paso aos usos diglósicos, como anticipo do que será unha substitución progresiva. O galego, lingua totalmente maioritaria, aumenta o seu uso na función cultural, o seu emprego nesta función límitase aos minoritarios e activos círculos galeguistas, xa que ningunha institución (Igrexa ou Estado) lle prestou o seu apoio.


Textos e actividades [TEMA 4]

GRÁFICO I



Cuestión: No gráfico represéntase os usos do galego e o castelán na Galiza do primeiro terzo do XX. Descríbeo e explícao.

GRÁFICO II



	1877	1897	1917	1924	1947	1967	1974
só galego	88,5	84,7	79	71,6	32,4	30,2	17,7
+ galego	7,3	8,9	10,2	18	38,5	29,1	22
	95,8	93,6	89,2	89,6	70,9	59,3	39,7
+ castelán	1,4	2,6	5	4,6	20,1	26,9	39,8
só castelán	2,9	3,8	5,8	5,7	9	13	20,5
	4,3	6,4	10,8	10,3	29,1	39,9	60,3

Cuestión: No gráfico represéntase a evolución da lingua habitual na Galiza do Séc. XX. Comenta e explica (causas e consecuencias) o que sucede no primeiro terzo en relación co que virá despois.

TEXTO 1

“Se entre os galegos se nota polos bos observadores, un sentimento de inferioridade que revela o feito de que cando pretenden aparecer finos perante si mesmos e perante os estraños fagan esforzos para disimular o acento natural, chegando mesmo a considerar este ordinario, como unha tara ou un estigma da raza, aínda que o certo sexa que un acento propio e un propio idioma constitúen o máis prezado testemuño de orixinalidade dun pobo, teremos que **o problema do bilingüismo é o noso problema de maior enxundia.**

Dixémolo moitas veces e non nos cansaremos de repetilo: Pobre país aquel onde a maioría dos nenos que o habiten ao tropezaren coa escola vense reprendidos polos mestres cando falan a lingua materna (...). Esta terríbel castración do orgullo (...), troca, forzosa e fatalmente, a cantos a sofren, en escravos morais dun prexuízo que xamais poderá deixalos”.

Antón Vilar Ponte: *Pensamento e sementeira.*

Cuestións: Ponlle título ao texto 1. Fai un comentario crítico da secuencia en negra.

TEXTO 2

Ten Galiza un idioma propio?

Estamos fartos de saber que o *povo* galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo *d-unha* cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.

O galego foi instrumento *maravilloso* da grande e única poesía lírica de Hispania e *n-el* escribían os enxeños peninsulares –tanto de dentro como de fóra de Galiza-, cando a lingua de Castela non tiña categoría literaria. O galego é un idioma *estenso* e útil, porque con pequenas variantes fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas. O galego *rexurdeu* no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal. O noso idioma ten tal *fremosura* que un poeta andaluz como García Lorca –o poeta mártir- non foi quen de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. O galego –somentes refugado pol-os señoritos ou por traballadores que quixeron ser señoritos- é hoxe o idioma que prefiren os *intelectuaes* como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecera de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala do *povo* traballador para estar *diñificado* de por si, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de *cibdadanía* e democracia. Non esquezamos que se aínda somos galegos e por obra e gracia do idioma.

A esta fala popular, viva e *groriosa*, os imperialistas chámanlle dialecto. Mais eu *perguntaríalles*: “Dialecto de que idioma?”. “Do que vós chamades español?” De ningunha maneira, porque o idioma que vós *impuxéchedes* *pol-a* forza é un irmán menor do galego (...)

E diríalles máis: “*prohibíchedes* o galego nas escolas para producir no *esprito* dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles *creer* que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben. *Espulsáchedes* o galego das *eirexas*, facendo que os representantes de Cristo *esplicaran* o Evanxeo no idioma oficial, que o *povo* non falaba nin comprendía ben. *Refugáchedes* o galego ante os *tribunaes* de xustiza e *chegáchedes* a castelanizar *bárbaramente* as toponimias galegas. E de que vos valeu? Porque *dispois* de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados.

Algúns galegos de boa fe coidan que o cultivo do noso idioma é unha impedimenta de traballo na emigración. Máis eu quero invitalos a meditar: Pensades que a nosa Terra pode seguir sendo un criadeiro de carne *humán*, para enviar ás Américas en paquetes teutóns? /.../ A superioridade non está no idioma que se fala, está no que se sabe, no que se di e no que se fai.

Algúns homes –galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal /.../ Máis eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a súa variedade de culturas é o *siño* distintivo da nosa especie. O que nos fai superiores aos animais /.../: Un can de Turquía ouvea *igoal* que un can de Dinamarca /.../ Os probes *animaes* aínda están no idioma universal...

/.../ Un idioma é o corpo sensible d-unha cultura e a súa correspondente maneira de *espresión*, e todo atentado â *lingoa* peculiar d-un povo representa un atentado â súa cultura peculiar. /.../ O problema do idioma en Galiza é un problema de *diñidade* e de liberdade; pero máis que nada é un problema de cultura. Estamos fartos d-esa cultura esterilizada que nos fan mamar por biberón. Nós queremos mamar a cultura na propia teta. Pedimos garantías *legaes* para o desenrolo natural do noso *esprito*, porque queremos volver a presentemos *diñamente* no mundo, levando nas mans o ouro da nosa cultura (*sabiduría* manifestada) para ofrendarillo ao acervo cultural da humanidade.

CASTELAO: *Sempre en Galiza*

Cuestións:

1. Castelao en *Sempre en Galiza* condensa e expresa toda a experiencia galeguista, tamén o fai en relación coas ideas en torno ao idioma. Enumera, explica e comenta as ideas que, a propósito do galego e a súa situación, se verten no texto.

2. Analiza as interferencias e desviacións da norma dos dous primeiros parágrafos.

Tema 5. O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O inicio da guerra supón a parálise de todo o proceso galeguizador precedente. A ditadura xurdida da Guerra do 36 crebou toda a dinámica anterior de normalización das linguas minorizadas.

O réxime franquista impulsa decisivamente a tendencia asimilista e acosa os defensores da normalización do galego, localizados no galeguismo democrático (a morte, o exilio, o silencio ou a deserción serán os seus destinos), mentres que os dereitos lingüísticos dos galegofalantes son ignorados, cando non perseguidos. Isto realizouse pola forza dos feitos, sen mediar disposicións legais. Para o franquismo máis importante e eficaz que prohibir (a fin de non ser denunciado o réxime diante dos foros internacionais) era crear unha atmosfera de medo, un clima de receos, un mesto tecido de sospeitas, de xeito que escribir ou falar publicamente en galego se sentise como un risco evidente.

A brutal represión que segue ao Alzamento contra, entre outros, as persoas de significación democrática e galeguista liquida o uso do galego nos usos culturais antes gañados.

O exilio

Só no exilio se mantén acendido o facho da reivindicación lingüística. En contra do que sucedía na Terra, a Galiza Emigrante funda editoriais, escribe libros, emite programas radiofónicos en lingua galega..., en definitiva, trata de manter o espírito nacido coas Irmandades da Fala (ver tema de Literatura). Ao tempo realízase un labor de denuncia ante os organismos internacionais.

Un exemplo é o texto trilingüe (galego, francés e inglés), que en 1954 se publica en Bos Aires: unha Denuncia, ante a UNESCO sobre a persecución que sofre o idioma galego. Dela cabe salientar os tres seguintes parágrafos:

- a) "...o carácter governativo e non legal das prohibicións non constan en ningunha lei escrita e promulgada, son simples ordes da autoridade governativa que ... son inapelables"(p.6).
- b) O actual Director Xeral de Prensa de Galiza enviou unha circular a tódolos directores de xornais prohibíndolles terminantemente o uso da lingua galega. (p.7).
- c) "A prohibición de publicar traducións de linguas modernas ao catalán, galego ou vasco".

1. Demografía lingüística

1.1. Do Alzamento á década dos 60.

Con todo, o illamento do Réxime e o empobrecemento económico non modifica as grandes cifras de demografía lingüística. Nunha Galiza de ampla base rural, o galego resiste como lingua maioritaria e o avance do castelán (no ámbito urbano e nas pequenas burguesías de cidades e vilas) mantén os ritmos anteriores.

1.2. Da década do 60 ao 75

A recuperación económica dos sesenta teñen unha dobre repercusión na demografía galega:

- a) A base fundamental da entrada de divisas é a exportación de man de obra. O Réxime estimula a emigración, e grandes masas de poboación rural galega son desprazadas á Europa próspera ou Venezuela. Tamén a Madrid, Euskadi e Cataluña.
- b) Os movementos internos marcan o progresivo despoboamento do campo en beneficio das cidades (especialmente Vigo, A Coruña e Ferrol), onde se sitúan industrias de enclave. A **urbanización** marca o ritmo da castelanización, por canto o galego na cidade perde o único elemento de protección que lle quedaba: a cultura agraria e a rede de relacións sociais que aí o mantiñan.

Así mesmo, a extensión da **escolarización** (ata acadar case a totalidade da poboación a finais da década) e dos novos **medios de comunicación audiovisuais** (radio e televisión), cos novos valores culturais, introducen o castelán en tódolos recantos do país. A intensa propaganda do goberno en contra do galego intensifica o proceso de substitución e incrementa os prexuízos contra o galego. Os galegofalantes, tentando disimular o galego que utilizan, écheno de interferencias do castelán, pois o galego máis puro adoita ser identificado cos falantes máis rústicos, arredados dos centros urbanos.

2. Os pequenos avances funcionais do galego

2.1. A tímida apertura dos 50.

Na década dos 50, o réxime comeza a abrirse ao exterior e España é aceptada na ONU. Isto trae consigo unha lixeira apertura que representará certa permisividade no uso das linguas minorizadas e comezan a aparecer empresas editoriais que reinician a publicación en galego.

A máis importante destas é a **Editorial Galaxia** que aglutina os galeguistas que sobreviviran ao terror de anos anteriores. Ademais da publicación de libros, crea revistas. A máis significativa é **Grial**. Grial, revista cultural sae en 1951, é prohibida ao ano seguinte e non será recuperada ata 1962. Por estes anos aparecen tamén a colección de poesía Benito Soto, dirixida por C.E. Ferreiro e a colección Xistral ; así mesmo fúndase a editorial Bibliófilos Gallegos. O xornal **La Noche** tira do prelo un suplemento semanal bilingüe de carácter literario.

Durante este período, o personaxe clave na articulación da resistencia cultural contra o franquismo e da orientación do galeguismo nunha liña culturalista foi Ramón Piñeiro.

En 1965 créase a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago, pero será especialmente a partir de 1968, cando entre os estudantes universitarios antifranquistas, o emprego e a reivindicación da lingua galega se deixen sentir con forza e acaden considerable repercusión social.

Todo isto non significa unha mudanza de política lingüística por parte do réxime. Trátase simplemente dunha operación de maquillaxe que de ningún modo trata de modificar a realidade sociolingüística, senón de consolidar o mesmo marco diglósico: o galego segue sendo a lingua B:

- a) Afastada das instancias oficiais e do sistema escolar
- b) En retroceso no mundo urbano, reducida ao rural.
- c) A ampliación do seu uso redúcese ás minoritarias esferas da literatura ou o ensaio ou do estudo universitario.

É esta unha estratexia asimilista perfectamente calculada: non só se trata de manter a inercia diglósica que supón o progresivo abandono do galego, senón que se trata de escindir e mesmo enfrontar a comunidade lingüística galegofalante, distanciando e opoñendo os falantes tradicionais con aqueles que utilizan o idioma dun xeito consciente e propugnan a normalización do mesmo.

Nos anos 70, o réxime entra nunha crise que rebentará coa morte do ditador (1975). En 1974 TVE comeza a emitir, en galego, *Panorama de Galiza*.

2.2. O galego na oposición ao franquismo.

A defensa e recuperación das liñas normalizadoras corre a cargo das organizacións antifranquistas.

Na década dos 60 reavívase a vida cultural coa creación de **asociacións culturais** (O Galo, O Facho e A Asociación Cultural de Vigo) que concentran á mocidade galeguista. Algo despois créanse organizacións na clandestinidade: a **UPG**, embrión do actual Bloque, fúndase en 1964; o **Partido Socialista Galego**, en 1965. Voceiros, publicacións e propaganda (pintadas, panfletos...) destas asociacións e partidos utilizan o galego

como a única lingua. Nos ambientes universitarios tamén se impulsa a recuperación lingüística e o galego fai a súa presenza en asembleas. Nese mesmo ambiente nace o colectivo **Voces Ceibes** que utiliza o galego na letra das súas composicións. Así mesmo, os partidos antifranquistas de ámbito estatal (PCE, PSOE etc.) e os sindicatos toman a reivindicación das linguas minorizadas como bandeira antifascista.

Esta instrumentalización, se ben tivo aspectos positivos, tamén é certo que reforzou a **imaxe do galego como marca ideolóxica** (prexuízo que aínda se mantén) e que provocou o seu abandono por parte de moitos que ergueran aquela bandeira e agora xa non consideran necesario facelo.

3. Características lingüísticas fundamentais

A falta dunha norma común para o galego, a Editorial Galaxia impoñerá pouco a pouco unha tendencia marcada cara á simplificación do galego escrito; é esta a **etapa protoestándar**. Elimínanse os apóstrofos e guións e distintos tipos de acentos que inzaban o galego enxebriista (p. ex. *d'este* ou *d-este* pasa a *deste*; *â* a *á*; *ô* gráfase *ao* ou *ó*; *tódol-os* ou *tódol'os* a *tódolos* ou *todos os...*). Os dialectalismos vanse esvaendo. Rexéitanse os arcaísmos e hipergaleguismos. Faise un esforzo notábel para adaptar o galego á vida urbana.

4. Estudos sobre a lingua galega

Traballos sobre a lingua a destacar son: a *Gramática Elemental del Gallego Común* de Ricardo Carballo Calero (1966), o *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez e o *Diccionario gallego-castelán* de Xosé Luís Franco Grande (1968).

Canto á planificación da norma xorden as iniciativas da Real Academia Galega (*Ortografía galega*, 1970) e do Instituto da Lingua Galega da Universidade (*Galego I*, *Galego II* e *Galego III*, de 1971, 72 e 74, respectivamente, o primeiro método para a aprendizaxe do idioma galego).

Textos e actividades [TEMA 5]**TEXTO 1**

“La España de Franco no puede tolerar AGRESIONES CONTRA LA UNIDAD DE SU IDIOMA, ni la intromisión de nombres que pugnan con su nueva constitución política...En su virtud DISPONGO: Art. 1º.- En todo caso, tratándose de españoles, los nombres deberán consignarse en castellano”

BOE do 18-V-38

Cuestión:

O texto responde a unha das poucas leis lingüísticas do franquismo. Cal é a súa pretensión? Por que non houbo máis leis neste sentido?

TEXTO 2

HABLE BIEN.

SEA PATRIOTA. NO SEA BÁRBARO.

ES DE CUMPLIDO CABALLERO QUE USTED HABLE NUESTRO IDIOMA OFICIAL, O SEA, EL CASTELLANO. ES SER PATRIOTA.

VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA CERVANTINO.

ARRIBA ESPAÑA!!.

Folla distribuída na Coruña en 1952 [Imprenta Sindical.]

Cuestión:

Localiza o texto no seu momento. Valora a súa intención e posíbel eficacia.

TEXTO 3

“Escuchad bien esto y para siempre, niños españoles! Quién de vosotros se olvide de su lengua española o la cambie por otra, dejará de ser español y cristiano! Por traición contra España y pecado contra Dios! Y tendrá que escapar de España! Y cuando muera, su alma traidora irá al infierno!”

Proclama de *Giménez Caballero***Cuestión:**


Cales cres que poden ser as consecuencias íntimas para os cativos galegos en vista do expresado no texto?

TEXTO 4

“Querer usar el gallego en la correspondencia comercial, en los oficios burocráticos, en el periodismo y aún en la novela post-freudiana, supone un inconcebible disparate, un vandálico sacrilegio verbal, algo muy próximo a la blasfemia”

Proclama de *Julio Sierra* (1948)**Cuestión:**

Consideras que o texto anterior fai alusión á prohibición do uso do galego ou máis ben que é un texto intimidatorio? Razo a resposta.

GRÁFICO 1

Cuestión: Coa referencia do gráfico do tema anterior,

cube este sinalando e comentando os cambios que se produciron dunha etapa a outra.

TEXTO 5

DEITADO FRONTE AO MAR...

Lingoa proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque sí, porque me *gosta*,
porque me peta e quero e dáme a gaña;
porque me sae de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos *patufos* desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai

a fala dos avós que temos mortos,

e ser, co rostro erguido,

mariñeiros, labregos da linguaxe,

remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque si, porque me *gosta*

e quero estar cos meus, coa xente miña,

perto dos homes bos que sofren longo

unha historia contada noutra *lingoa*.

Non falo para os soberbios,

non falo para os *ruís* e poderosos,

non falo para os finchados,

non falo para os estúpidos,

non falo para os baleiros,

que falo para os que aguantan rexamente
mentiras e inxustizas de cotío;

para os que súan e choran

un pranto cotián de bolboretas,

de lume e vento sobre os ollos nus.

Eu non podo arredar as miñas verbas de tódolos que
sofren neste mundo.

E ti vives no mundo, terra miña,

berce da miña estirpe,

Galiza, doce mágoa das Españas,

deitada rente ao mar, ise camiño...

C. E. Ferreiro: *Longa noite de pedra*, (1962)**Cuestións:**

1. Fai unha síntese do texto anterior.
2. Realiza a estrutura indicando o contido de cada parte.
3. No poema hai unha reivindicación do uso da lingua galega como símbolo de resistencia ao réxime franquista. Desenvolve un comentario crítico arredor do verso “lingua proletaria do meu pobo”. Entre 200-250 palabras.

TEXTO 6

“Mais continuo a perder falantes e aumenta o meu desprestixio social. Isto a pesar de que se van dando pasos para que a lingua que aínda fala unha boa parte da poboación recupere ámbitos de uso tendentes a superar unha situación tan desfavorable”.

Freixeiro Mato e Gómez Sánchez: *Historia da lingua galega*

Cuestión:

Relaciona desde unha perspectiva sociolingüística este texto co poema anterior

Tema 6. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

O final do réxime franquista supuxo a posibilidade de retomar o proceso de normalización. Nestes anos coa chegada da democracia as reivindicacións sobre a recuperación da lingua son asumidas pola maioría dos partidos políticos e grupos sociais. Aínda así, hai moitas diferenzas, que van dende os que propugnan unha recuperación de carácter folclórico (a lingua hai que protexela o mesmo ca os castelos ou a muiñeira, mais non ten funcionalidade no mundo de hoxe) até os que propugnan unha recuperación normalizadora (o galego é a lingua propia de Galicia e debe ser potenciado até que acade a situación normalizada que lle corresponde).

Certo é que a situación do galego mellora nalgúns aspectos (competencia), mais, pola contra, vese degradada noutros. As dúas vías: normalización do galego e substitución polo castelán seguen abertas: O galego ve recoñecido o seu status de lingua cooficial en Galicia, recuperando, aínda que minoritariamente, os seus usos nas funcións institucional e cultural; aparecen os primeiros medios de comunicación en galego (CRTVG), porén con menor presenza e forza económica que os que utilizan o castelán; introdúcese como materia no ensino, malia que o seu uso como lingua vehicular do mesmo sexa moi restrinxido (sobre todo nas cidades e nos centros privados).

Por unha parte, algúns dos prexuízos van desaparecendo, por exemplo: a consideración do galego como "dialecto" ou a incapacidade do galego para os usos cultos formais.

Porén, nunca a implantación do castelán fora tan grande, nin nunca a situación do galego tan precaria. Así, algúns prexuízos mantéñense con enorme vigor, como a falsa hospitalidade ou a necesidade de aprenderlles o castelán como primeira lingua aos nenos; e aparecen outros novos, como é a consideración do galego como lingua ideoloxicamente marcada; ou non sentir a necesidade de falalo.

Por outra banda, a cidade e a poboación nova presentan tales índices de castelanización que a supervivencia do galego, fóra dos ámbitos rurais -en retroceso- resulta complicada a medio prazo.

1. Situación sociolingüística

A urbanización e o consecuente éxodo rural que vive Galicia desde a década dos 60 ata estes inicios do século XXI marca a progresiva substitución lingüística do galego polo castelán, non só nas cidades senón tamén e cada vez con máis forza nas vilas. Malia isto, o galego segue a ser a lingua inicial e habitual maioritaria en Galicia. Os datos do **IGE-2018** (tirados da *Enquisa Estructural de Fogares sobre o coñecemento e uso do galego*), así o manifestan, mais ditos datos sobre usos agravan a situación de comparármolos cos do IGE-2013, os do MSG-1992, os ponderados canto á lingua inicial do MSG-2004 e co informe do Consello da Cultura Galega *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia* (1917).

A seguir imos analizar os datos dos usos lingüísticos canto a nivel de coñecemento, lingua inicial e lingua habitual.

2. Niveis de coñecemento e uso.

A maior parte da poboación galega é bilingüe asimétrica, isto é, ten un considerábel competencia tanto en galego como en castelán. Ora ben, o grao de competencia non é uniforme entre os individuos e os grupos.

2.1. Coñecemento e competencia lingüística.

Unha primeira variábel nos niveis de coñecemento afecta ao dominio das catro destrezas básicas e á súa distribución:

Dominio das catro destrezas en galego			
entender	falar	ler	escribir
97,1*	88,05	45,9	27,1
* O dominio real de "entender" é do 99,9%			

Neste sentido, observamos que o dominio das destrezas relacionadas coa escrita descende sensibelmente en relación coas orais. A mesma tendencia obsérvase no coñecemento das variedades formais e cultas do galego. Isto lígase á incorporación do galego á escola hai algo máis de trinta anos e ofrécenos un primeiro factor de desequilibrio: o dominio das destrezas de lecto-escritura e das variedades formais concéntranse nos sectores máis novos da poboación, aqueles que asistiron a unha escola con presenza do galego. Con todo, son eses sectores máis novos os que menos empregan o idioma (paradoxo das linguas minorizadas, non normalizadas).

O 23,90% das galegas e galegos de entre 5 e 14 anos non saben falar galego. É un dos datos máis preocupantes dos incluídos na enquisa sobre “coñecemento e uso do galego” do Instituto Galego de Estatística de 2018, que debuxa un estancamento á baixa da lingua que contrasta coa despreocupación, ás veces mesmo triunfalismo, do Goberno galego. É dicir, **case un de cada catro nenos galegos, o 24%, non sabe falar galego**, oito puntos máis que hai unha década; mentres que o 44% se expresa sempre en castelán.

2.2. Usos lingüísticos


Falamos de usos lingüísticos é aludir ao uso práctico que os individuos facemos dunha ou outra lingua, nas diferentes situacións e baixo diferentes condicionamentos.

Son varios os factores que deseñan o emprego e elección que facemos dunha e doutra lingua, todos eles relacionados entre si: a lingua inicial, o contorno social e a situación, a clase social, o tipo de actividade económica, o contraste urbano/rural, idade....

En liñas xerais, vemos que o uso do galego diminúe conforme nos acercamos aos ámbitos urbanos, aos tramos máis novos da poboación, aos grupos sociais máis acomodados e aos ámbitos formais. De tal sorte que unha gran parte da sociedade está guiada por usos diglósicos, é dicir, a elección de lingua a nivel individual reproduce o modelo de desequilibrio social (castelán: lingua alta; galego: lingua baixa).

2.3. Lingua inicial

Segundo datos do **IGE-2018** o 42,19% da poboación galega ten como lingua inicial o galego (1,33% máis que nos datos do IGE-2013); o 31,72% o castelán (0,84% máis) e o 23,68% as dúas (1,40% menos). A comparativa de datos amósanos unha lixeira recuperación da lingua galega como lingua inicial o que frea momentaneamente a caída de gaelgofalantes iniciais.



Ora ben estas porcentaxes case sen inverten se nos limitamos á poboación menor de trinta anos. Tal circunstancia ponnos en evidencia a brutal perda da transmisión interxeracional do galego e, polo tanto, o extraordinario perigo en que se encontra para chegar ás próximas xeracións (perda do 46,07% de falantes

iniciais). Segundo o IGE-2018, **pouco máis do 18% das nenas e nenos de entre 5 e 14 anos deron as súas primeiras palabras en galego**; entre maiores de 65 a proporción supera o 60%.


Ao mesmo tempo, observamos que as altas porcentaxes de galego como lingua inicial están ligadas aos núcleos periurbanos e rurais, a urbanización daqueles e o despoboamento destes actúan como factores que estimulan a perda do idioma.


	urbano	periurbano	vilas	rural-1	rural-2
Galego	12,3	32,4	27,1	46,6	73,4
Castelán	69	39,3	50,1	35	13,9
As dúas	18,6	28,3	22,8	18,2	12,5

2.4. Lingua habitual

Entendemos por lingua habitual aquela na que o individuo realiza a totalidade ou a maior parte dos actos lingüísticos ordinarios (cos familiares, os amigos, os veciños). Polo regular, tamén é a que emprega na función interna (pensar, soñar...) como lingua de identidade. Neste uso, o galego aínda é a lingua maioritaria, pero iso non debe ocultarnos o forte retroceso que sofre entre a mocidade ou nos ámbitos urbanos. Os datos do IGE-2018 así o demostran: **o 30,57% da poboación de Galicia fala sempre en galego**. Esta porcentaxe é inferior á rexistrada hai 5 anos en 0,63 puntos. Por outra banda, a porcentaxe de poboación que fala máis galego que castelán aumentou 1,43 puntos respecto ao ano 2013 ata situarse no 21,72%; tamén aumentou a porcentaxe dos que falan máis castelán que galego: 22,26% en 2013 e 23,32% en 2018. Finalmente, algo máis do 24% dos e das residentes en Galicia fala sempre en castelán, 1,85 puntos porcentuais menos que en 2013.

O uso do galego é desigual dependendo da idade da poboación. Deste xeito, o 48,48% das persoas de 65 ou máis anos fala habitualmente só en galego e un 24,91% utiliza máis o galego que o castelán. Pola contra, entre os rapaces e as rapazas de 5 a 14 anos, o 14,27% habitualmente sempre fala en galego, o 11,85% máis en galego que en castelán e o 73,88% restante utiliza sempre o castelán ou máis castelán que galego.





En resumo, na mocidade a presenza do galego non chega ao 40% e na infancia cae por baixo do 30%, polo que todo semella indicar que unha eventual recuperación do uso habitual do idioma pasa pola poboación neofalante, pois a resistencia do galego como lingua maioritaria da metade da poboación apóiase nas persoas maiores de 50 anos.

2.5. O galego no ámbito familiar

O uso de galego ou castelán no ámbito familiar, segundo os datos do IGE-2018, mostra as seguintes porcentaxes: **o 44,34% da poboación de Galicia que ten fillos ou fillas fáalles en galego sempre, o 31,20% sempre en castelán, o 13,85% máis castelán que galego e o 9,50% máis galego que castelán.** No tocante aos fillos e ás fillas, cabe destacar que arredor do 39% fala sempre en galego cos seus proxenitores e arredor do 37% sempre en castelán. Por outra parte, no 22,70% dos fogares galegos todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só en galego. Esta porcentaxe aumentou 0,49 puntos respecto ao ano 2013.

A porcentaxe de fogares nos que todos os seus membros de 5 ou máis anos falan habitualmente só galego é maior nos concellos pequenos que nos grandes. Así, nos concellos con menos de 10.000 habitantes esta porcentaxe ascende ao 45,70%; pola contra, nos concellos de máis de 50.000 habitantes baixa ao 5,66%.

2.6. Uso do galego no ámbito social

Dentro do ámbito social, o uso exclusivo do galego está máis estendido nas relacións entre amigos. **O 34,12% da poboación de Galicia habitualmente fala sempre en galego cos amigos e coas amigas.** Porén, o 39,40% comunícase co profesorado dos seus fillos e fillas exclusivamente en castelán e o 34,07% sempre utiliza este idioma cos especialistas sanitarios.

2.7. Uso do galego no ámbito laboral

No referente ao ámbito laboral, o 29,57% das persoas ocupadas de Galicia fala sempre en galego cos compañeiros e coas compañeiras de traballo e o 18,61% utiliza máis galego que castelán. A porcentaxe das persoas que falan sempre en galego ou máis galego que castelán cos seus superiores sitúase no 42,79%.

2.8. O galego no ensino

Como vimos (tema 3), o Estatuto fixa que os poderes públicos deben dispor dos medios necesarios para favorecer o coñecemento do galego. Un medio fundamental é a Escola. Neste sentido, a Lei de Normalización (1983) establece:

- O dereito á escolarización na lingua inicial.
- A obrigatoriedade do ensino da lingua galega.
- O obxectivo de lograr, ao remate do ensino secundario, unha similar competencia lingüística do alumnado, nos niveis oral e escrito, en ambos os idiomas.

En consecuencia, o Decreto 247/95 formulaba a obrigatoriedade de impartir en galego un número mínimo de materias. Pola súa parte o decreto de promoción do galego no ensino (124/2007), persistía basicamente neste liña. Porén, o **Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia** parte da consideración de normalización plena da lingua galega a respecto da lingua castelá, no entanto os datos fornecidos polo MSG-2004 e polo IGE-2018 mostran todo o contrario: o galego é unha lingua minorizada e en certos sectores xa minoritaria, o que amosa unha política lingüística da actual Xunta de Galicia contraria á discriminación positiva do galego, como lingua minorizada, tal como estipula a LNL e recomenda o Consello de Europa. A presenza do inglés como lingua vehicular de aprendizaxe de materias agrava a situación.

Segundo os datos do IGE-2018, **en 2008 o 14,3% das e dos estudantes afirmaban recibir "todas as clases" en galego, en 2013 esa porcentaxe caeu ata o 2,15% e en 2018 ao 1,28%**. Tamén descende, iso si, a porcentaxe de persoas que afirmaron recibir todas as aulas en castelán (do 6,34% ao 3,08% e o 2,68%, respectivamente). **Dos datos do IGE-2018 tírase que a utilización de ambos idiomas, galego e castelán, é bastante parella: o 59,57% das persoas que estudan en Galicia recibe a mesma proporción de clases en galego que en castelán. Agora ben, se diferenciamos pola idade da persoa e, por conseguinte, por nivel educativo, esta porcentaxe cambia: sobe ata o 72,72% para a poboación de 5 a 16 anos, pero baixa ata o 36,03% entre a poboación de 17 ou máis anos. Este colectivo recibe o 46,48% das clases en castelán ou maioritariamente neste idioma.**

2.9. O galego e os medios de comunicación.

Segundo se desprende da enquisa do IGE-2018, o 17,65% da poboación galega de 16 ou máis anos ve a televisión sempre en galego ou máis en galego que en castelán, aínda que hai un 26,60% que sempre a ve en castelán. Á hora de escoitar a radio, o 14,26% faino sempre en galego ou maioritariamente en galego.

O uso do galego está menos estendido noutros medios de comunicación. O 59,10% das e dos residentes en Galicia de 16 ou máis anos sempre le a prensa en castelán (con só un xornal integramente en galego, *Nós Diario*), o 54,03% só le libros en castelán, **o 69,47% navega pola rede sempre neste idioma e o 52,07% emprégao sempre nas redes sociais**. Con todo, os datos do IGE-2018 amosan un freo no descenso do emprego do galego nas redes sociais, os que usan o galego en exclusiva ou de forma maioritaria representan entre o 25% e o 30%.

Un dato importante á hora de analizar os datos de emprego da lingua nas redes sociais é observar as diferenzas existentes entre as persoas galegofalantes e as castelanfalantes. Esencialmente, segundo o IGE, **as persoas que falan habitualmente en castelán manteñen este uso nas redes sociais e, pola contra, aquelas que falan en galego cambian moitas veces de lingua cando están interactuando nestes espazos.**

2.10. O galego na igrexa.

Desde o inicio do proceso de asimilación, foi unha institución rapidamente castelanizada, ao tempo que -dado o seu enorme peso social, económico e educativo-cultural- foi instrumento fundamental de castelanización.

Nos curtos períodos en que se produciron escasos avances no proceso de normalización, a xerarquía eclesiástica, a diferenza do que sucedeu en Cataluña ou Euskadi, nunca estivo activamente comprometida con el, antes ao contrario, foi unha forza de tendencia asimilista. Con todo, é certo que, co Padre Sarmiento, Sobreira ou Feijoo, como precedentes, sempre houbo persoas de oficio eclesiástico (López Ferreiro, o arcebispo Lago, Aller

Ulloa, Monseñor Araújo) que, excepcionalmente e dun xeito individual, mantiveron un compromiso normalizador.

En liñas xerais, ese é o esquema que se mantén hoxe. As iniciativas activamente galeguizadoras corren de parte de sacerdotes que non representan a maioría (especialmente ligados ás liñas máis progresistas) e de iniciativas de grupos cristiáns de base. Pola contra, a xerarquía, mantén unha actitude ambigua que favorece os mecanismos de substitución herdados.

3. Características lingüísticas fundamentais

As primeiras normas da época democrática, previas á aprobación dos textos legais fundamentais, son as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977). Norma de urxencia para ser empregada nos novos ámbitos abertos á lingua galega coa chegada da democracia: administrativos, educativos e de comunicación pública. Texto froito do diálogo entre as diferentes posturas, mesmo as reitegracionistas. Non obstante un sector reitegracionista e unha parte do nacionalismo político rexeitáronas, o que provocou que en 1980 houbera un novo intento, neste caso promovido pola Xunta de Galicia (*Normas ortográficas do idioma galego*), intento fallado, confuso e ambiguo. A situación tentouse superar en 1982 coa proposta da RAG e do ILG, concretadas nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, baseadas en parte nas de 1977, declaradas oficiais pola Xunta de Galicia e que tras a súa **reforma en 2003** foron amplamente aceptadas, converténdose nunha “normativa de concordia”, vixente na actualidade. Por outra parte, a *Lei de normalización lingüística* converte a RAG na autoridade en cuestións normativas. Así, de acordo coas directrices da RAG-ILG publícanse gramáticas, dicionarios, manuais ortográficos e de dúbidas e vocabularios especializados.

4. Conclusión.

Canto á percepción do uso do galego na sociedade, o 30,67% da poboación galega de 16 ou máis anos considera que na actualidade se fala pouco ou nada o galego. Esta porcentaxe é maior nas provincias da franxa atlántica, con valores de 33,44% na Coruña e do 34,61% en Pontevedra. No outro extremo atópase a provincia de Ourense, onde a porcentaxe baixa ata o 19,34%. Por outra banda, o 26,33% da poboación galega considera que na actualidade se fala máis galego que hai 5 anos, para o 50,12% a percepción do uso do galego non variou neste intervalo de tempo e, finalmente, o 23,54% restante cre que se fala menos galego que no ano 2013. **Malia a todo, o galego resiste como idioma maioritario da poboación galega pero segue a ser moi minoritario entre as xeracións máis novas.**

Con todo, o futuro do idioma pasa polo **neofalantismo**, froito da conversión lingüística no marco da condición de **neofalante**, caracterizado por ser unha persoa urbana, nova, competencialmente bilingüe e con acceso a estudos superiores. A reinserción do galego que levan a cabo as persoas neofalantes, tanto en novos espazos sociais como naqueles dos que foi desprazada en prol da lingua dominante, permítenos, entre outras cousas, considerar o neofalantismo como un fenómeno crucial para a recuperación e revitalización da lingua, sendo a universidade un dos espazos autóctonos máis favorábeis para a conversión, e non só como un cambio estritamente lingüístico ou simplemente “performativo”, senón como unha transformación que implica unha viraxe e reposicionamento subxectivo. De aí que o neofalante se caracterice por estar mergullado nunha situación conflitiva e contraditoria con respecto á realidade sociolingüística na que participa, co fin de restablecer a “dignidade da lingua” (tanto dentro como fóra de Galicia) e en favor da revitalización a través dunha nova praxe lingüística sustentada na variedade estándar, pouco recoñecíbel como endóxena polas persoas falantes de variedades tradicionais. Isto lévanos a un cambio lingüístico xa que o neofalante adoita ser consecuente coa transmisión lingüística familiar. Daquela, é necesario desenvolver iniciativas para “dar o paso” cara á conversión, favorecendo a creación de “espazos de oportunidade” para o cambio lingüístico *offline* e *online*.

Textos e actividades [TEMA 6]

TEXTO 1

Coa emigración masiva á cidade e o crecemento e urbanización das vilas, o cidadán vese agora exposto a frecuentes e intensos contactos con xentes procedentes doutras capas sociais, con outros traballos, con outras formas de conduta lingüística. Non se trata só da nova lingua, o castelán: trátase da propia función da linguaxe na comunicación, o sinalamento de novos significados (tanto referencias como simbólicos, sociais e culturais) e, en definitiva, de outras normas de uso e estruturación da fala. Mentres o galego se mantén con relativa vitalidade na vida familiar, o castelán constitúese no código de relación social por excelencia (...) no mundo do traballo (...), no contacto con descoñecidos (que, por certo, talvez teñan, á súa vez, unha orixe lingüística galego-dominante).

É neste senso como pode interpretarse a asimilación parcial ó castelán: non necesariamente como unha renuncia a unha (definitiva) identidade, senón como unha identificación con novos valores, interpretados polos falantes asimilados como valores de "progreso".

Celso Álvarez Cáccamo, *Fala, bilingüismo, poder social. Agália*, 10. AGAL, Ourense.

Cuestión:

1. *Explica o proceso de asimilación en función do expresado .*

TEXTO 2

Nada máis e nada menos que o 21,2% dos sacerdotes quere que o galego sexa o idioma normalmente usado na liturxia e na vida parroquial; e o 27,6% opta porque o galego sexa o idioma máis usado na liturxia, pero cunha oferta estable, aínda que minoritaria, de celebracións en castelán. Total que podemos afirmar que o 54% dos sacerdotes na teoría están a prol do uso do galego na liturxia e na vida da Igrexa.

Pero esta é a teoría, o ideal, mais preguntémonos agora ¿que pasa na praxe? ¿Cantas misas se celebran de feito en galego e cantos son os sacerdotes que as celebran? Seguindo a mesma fonte, temos os seguintes resultados: misas totalmente en galego, o 7,2%, misas parcialmente en galego o 22,8%. En canto ós sacerdotes celebrantes, os tantos por cen son aínda máis abraiantes. Fíxense vostedes: o 85,9% dos sacerdotes non din ningunha misa en galego. O número dos que celebran tódalas súas misas en galego non pasa do 4,2%; o 1,8% celebran máis da metade e o 8,2% a metade ou menos.

Coido que os números chegan abondo para confirmar a nosa denuncia un tanto angustiosa (...).

Miguel Anxo Araújo Iglesias, in *La Voz de Galicia*. 1989.

Cuestión:

1. *Como se xustifica que unha misa sexa parcialmente en galego?*

TEXTO 3

Producir futuro

O problema do galego non é tanto o número de falantes (que tamén) como unha cuestión de calidade, dinamismo e práctica social. Velar o reto da política lingüística, adurmiñada. dende hai tempo en fórmulas repetitivas que deberíamos superar.

Que o 53% da poboación se considere con capacidade abonda para falar, ler e escribir correctamente en galego pode parecer a algúns insuficiente, tendo en conta que calquera sociedade desenvolvida aspira a capacitar a totalidade da súa poboación, pero é un salto xigantesco se o consideramos con perspectiva histórica. Non é só falar e entender (89%), é usalo e comprendelo dende a integración social, vehículo de comunicación e acceso ás formas da alta cultura, o que en termos históricos se denomina 'modernidade' e que nos pilla con douscentos anos de retraso. Como todo, ten remedio. Podémosos recuperar.

A cuestión complexa é a práctica social, o dinamismo do idioma na sociedade. Aí están os hábitos profundos, os medos, as inseguridades, enraizadas na xenética do tempo. ¿Quen fala galego? ¿Cando, como e onde se fala galego? Gañamos territorios; a cultura, por exemplo. Pero a cultura, concibida coma un sanedrín de elixidos onde só uns poucos cerimoniais, acaba en liturxia; e a liturxia é importante, pero sen base social é a máscara da morte. Outrosí sucede na actividade política. A lingua entrou nas institucións, pero máis dun xeito ritual ca auténtico. Facemos a cerimonia en galego, pero nos despachos, nas distancias curtas, usamos espontaneamente o código dominante no que fomos socializados. E hai institucións que nin esas. A Igrexa, por exemplo, A xustiza. A banca... Queda moito por andar.

A principal dificultade para unha política lingüística anovadora está na chamada cultura de masas. Os medios de comunicación, as novas tecnoloxías, os produtos de ocio e de gran consumo, instalados nas leis do mercado (global) e dirixidos preferentemente á xente nova, son nestes momentos os principais referentes de comportamento social e o gran reto onde o galego ha librar a batalla do futuro. Aí é onde deberíamos centrar as nosas accións máis imaxinativas e a nosa capacidade de produción.

Víctor Fdez. Freixanes, *La Voz de Galicia* 28-8-99

Cuestión:

1. *Sinala as ideas principais do texto e fai un breve comentario crítico das opinións emitidas no mesmo.*

TEXTO 4

O galego a día de hoxe non ten garantido o seu futuro como idioma da Galiza, aínda que si o teña como lingua internacional a través das súas variantes, nomeadamente a portuguesa e a brasileira. O perigo que ameaza o galego no seu propio territorio é de dupla vía:: a acelerada perda de falantes nos últimos tempos, que vaticina o desenlace do proceso de substitución lingüística iniciado hai cinco séculos, por unha parte, e a progresiva descomposición das estruturas internas do idioma, por outra; isto é, o avance até agora imparábel do proceso de castelanización iniciado na mesma altura que conduce progresivamente á súa disolución paulatina na lingua de interferencia. Tamén por esta vía se pode consumir o proceso de substitución, que só se evitará detendo ao mesmo tempo a perda de falantes e o proceso de converxencia ou castelanización. Con repararmos só unha das dúas vías de perda do galego non é suficiente. É preciso repararmos ambas. E para isto necesítase tamén a política.

Xosé Freixeiro Mato, *Lingua de calidade* (2009)

Cuestión:

1. Comenta a situación sociolingüística en función do expresado no texto.

TEXTO 5***Galeguismo amable e galeguismo paradoxal***

Dáse por suposto que a maior amabilidade, maior convencemento... Hoxe case non existe ese *galeguismo cabreado e furioso*, que denuncian os grandes heraldos do gran partido do conformismo. O que si abundan son os tiburóns do outro lado, xente presta a morder mil veces na mesma gorxa, draculiñas de fol de veneno.

Cando expoño as miñas dúbidas sobre a efectividade do *galeguismo amable* non estou a reivindicar outro estilo máis doente e máis agresivo. O que teño observado é que ás veces, como na relixión xudía, funciona moi ben o non proselitismo. Ou o que poderíamos chamar *galeguismo paradoxal*.

Por exemplo. Un vai a unha oficina da administración pública e fai a súa xestión en galego. O funcionario enfatiza o seu castelán ata un extremo realmente prodixioso... “Ya yo le dijera que esto no era así. Si le cuadra, pase por La Coruña y páguelo en la Caja de la Caixa. Hasta luego”.

Entón un pode dicirlle: “Comprendo que non me responda en galego tendo como ten ese castelán tan preciso e bonito. Deus llo conserve”.

Outro modelo de resposta do *galeguismo paradoxal* pode ser o seguinte: “Entendo que non me fale galego aínda sendo un servidor público. Pero é que é un idioma realmente difícil que require un certo nivel de intelixencia e sensibilidade. Fíxese vostede que hai centos de xuíces, licenciados, cregos e bispos, xornalistas, artistas, alcaldes e ata catedráticos de inglés e latín que non son quen de falar galego por moito que turrán. Nin tomando caldo de fósforo. Así que non se acomplexe e léveo con filosofía.

Manuel Rivas, *Galicia, Galicia*. 1999.

Cuestións:

1. Con que aspecto da idiosincrasia galega identificas a frase “*galeguismo paradoxal*”? Xustifica a resposta.

2. Que prexuízo tenta rebater o autor en función do expresado no texto? Razoa a resposta.

TEXTO 6***(Neo)falantes***

Confeso. Son desas. Son desas que botaron as súas primeiras palabras en español. Son desas ás que a súa avoa aloumiñaba en galego e os seus pais, en castelán. Son desas que viviron en español a súa infancia e adolescencia. Si, son desas. Son das que vin como lle chamaban pailáns aos cativos galegofalantes. Son unha **filla da diglosia**. Confeso. Tede piedade de min. Porque tamén son unha desas que cambiou de chaqueta. Que nun momento dado, pasou ao outro idioma. Que recolleu o herdo conscientemente. Que se esforzou por expresarse noutra lingua. Na outra lingua. Son, que Deus me perdoe, unha neofalante desas. Desas que tiveron que escoitar nalgunha ocasión que ninguén que fale galego naturalmente di adeus, ou feder, ou alporizarse. Desas que viu asomar un sorriso de condescendencia a algunha cara cando errou un pronome. Cando siseou de máis e no canto de xouba dixo *souba*. Son unha neofalante desas. Ás que ás veces lle custa a fonética e onde é aberto pon pechado. Son unha neofalante desas. Ás que lle dá moita carraxe que haxa quen aproveita o idioma para sentirse superior a outro. Que se lembra da xenreira que lle medraba no peito cando lle chamaban pailán ao cativo que falaba galego na escola. Que sinte esa mesma xenreira cando alguén usa neofalante como insulto. Si, existen, castelanfalantes e galegofalantes que non entenden que no idioma non hai clases. Falaremos mellor ou peor. Ao mellor inventamos palabras. Ou nos trabucamos na pronuncia. Pero falamos. Somos parte da **resistencia idiomática**. Somos neofalantes. E non temos vergoña. Quen deba tela é quen nos despreza.

Tamara Montero. *La Voz de Galicia*, 16-05-2016

Cuestións:

1. Explica o significado das dúas frases en negriña do texto.

2. Explica o significado das dúas frases en negriña do texto: **filla da diglosia** e **resistencia idiomática**.